Os veciños e veciñas do concello ourensán de Taboadela vense obrigados a manifestar o seu malestar publicamente pola pasividade da ADIF á hora de abordar as desfeitas causadas polas obras de construción do AVE ao seu paso pola zona.

Dende fai uns anos, as obras xeraron un problema grave de seguridade ao causar enormes fochancas no firme das estradas; estas son as de uso cotiá para trasladarse polo municipio, así como aquelas para desprazarse aos servizos da capitalidade provincial (Ourense).

Dende que as estradas comezaron a deteriorarse, as veciñas e veciños afectados non só se enfrontan a un problema de tempo nos desprazamentos, se non que se atopan cun problema de seguridade viaria moi grave, así como un elevado custe económico en reparacións de vehículos estragados polo mal estado de conservación das estradas.

Esta situación pódese trasladar tamén aos distintos accesos a fincas e propiedades das veciñas e veciños do concello.



Polo exposto, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar ao Ministerio de Fomento para que este apremie a ADIF a que leve a cabo a reparación das estradas estragada polas obras de construción do AVE ao seu paso polo Concello de Taboadela.
2. Instar ao Ministerio de Fomento para que este apremie a ADIF a que leve a cabo a reparación dos accesos a fincas e propiedades estragadas polas obras de construción do AVE o seu paso polo Concello de Taboadela.
3. Que faga un mapa de estradas afectadas pola construción do AVE en toda Galiza e que inste o Ministerio de Fomento ao arranxo das estradas inmediatamente.

Santiago de Compostela a 9 de febreiro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Deputado do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/02/2018 13:30:03

Luis Villares Naveira na data 09/02/2018 13:30:11



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:37
Nº Rexistro: 25951
Data envío: 09/02/2018 13:37:58.878

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos suplementos territoriais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade o que converteu o que a Lei recolle como posibilidade en obrigatorio para o 2013, xa que establecía que “no caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico fosen gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das Comunidades Autónomas ou recargos sobre tributos estatais, á peaxe de acceso incluíráselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecoste provocado por ese tributo ou recargo e que deberá ser abonado polos consumidores situados no ámbito territorial da respectiva Comunidade Autónoma”.

En base a este Real Decreto, o Tribunal Supremo, en distintas sentenzas, declarou a nulidade do artigo 9.1 da Orde IET/221/2013, de 14 de febreiro, e do artigo 1 e o anexo I da Orde IET/1491/2013, de 1 de agosto, na medida en que non incluían entre os custos que han de sufragar as peaxes de acceso para o ano 2013 os suplementos



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

territoriais aos que se refería o apartado cuarto do artigo 17 da Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico, segundo a redacción dada polo artigo 38 do citado Real Decreto-lei 20/2012, debendo o Ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital proceder á súa inclusión nos termos que establece a Disposición adicional decimoquinta do citado Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo.

Deste xeito, en execución destas sentenzas, primeiramente aprobouse a Orde ETU/35/2017, de 23 de xaneiro do 2017, pola que se establecen os suplementos territoriais nas Comunidades Autónomas de Cataluña, A Rioxa, Castela-A Mancha e Comunitat Valenciana, correspondentes ao ano 2013, e recentemente, o 30 de xaneiro do actual 2018 publicouse no BOE a “Orde ETU/66/2018, de 26 de xaneiro, pola que se fixan os tributos e recargos considerados a efectos dos suplementos territoriais e desenvólvese o mecanismo para obter a información necesaria para a fixación dos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013”.

No Anexo I establécese que para os suplementos territoriais terase en conta, para o caso galego, o Canon de saneamento, o Imposto sobre contaminación atmosférica, o Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada e o Canon eólico.

Os suplementos territoriais teñen a implicación de que o pago por parte das persoas consumidoras dunha Comunidade Autónoma dos impostos específicos que paguen as empresas eléctricas de carácter autonómico. Isto supón que no caso de Galiza, por ter impostos propios ás instalacións de produción eléctrica, a súa cidadanía acabe pagando a luz máis cara que outras CCAA que apenas producen electricidade, o cal é evidentemente inxusto. Ben ao contrario, dende o BNG cremos necesario que non se regule unha tarifa única para o Estado, sería máis equitativo que se fixase un prezo asociado polo uso da enerxía en relación coa situación de territorio excedentario ou



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:37
Nº Rexistro: 25951
Data envío: 09/02/2018 13:37:58.878

deficitario, así repercutiría positivamente na economía dos territorios que realmente producen enerxía eléctrica e con iso obter beneficios directos en compensación das externalidades negativas que produce a xeración eléctrica.

O desenvolvemento de suplementos territoriais supoñen tamén unha invasión directa das competencias de Galiza, ao boicotear a lexítima implantación de tributación medioambiental, xa que ao trasladar totalmente na práctica a carga impositiva aos consumidores e consumidoras de electricidade, desvirtúanse completamente as finalidades de desincentivar prácticas negativas para o medio ambiente, e tamén no canto de dirixir esa imposición ambiental adicional ás empresas que realmente apostan polas actividades máis contaminantes, en cumprimento do principio de “quen contamina paga”, ao final repercútese aos consumidores finais que mesmo teñen limitada a posibilidade de decidir que tipo de enerxía consumen.

O Goberno galego deixou pasar as oportunidades de recorrer directamente tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nos peaxes eléctricos dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación que se deixan expostas.

Con todo, a impugnación das Ordes que se seguen ditando en desenvolvemento para a repercusión dos denominados suplementos territoriais na factura eléctrica aínda permitirían a revisión xudicial por vía indirecta das normas substantivas que atentan contra as competencias galegas en materia impositiva e ambiental, e tamén para cuestionar as propias sentenzas ditadas pola Sala Terceira do Tribunal Supremo do 1 de xuño de 2014 e 22 do setembro de 2016 que validaron a obrigaición de introdución das peaxes territoriais malia a inacción da Xunta nos momentos oportunos para a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:37
Nº Rexistro: 25951
Data envío: 09/02/2018 13:37:58.878

impugnación directa; e todo iso para defender os intereses da economía galega e en xeral das galegas e galegos como consumidores finais de enerxía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a recorrer a “Orde ETU/66/2018, de 26 de xaneiro, pola que se fixan os tributos e recargos considerados a efectos dos suplementos territoriais e desenvólvese o mecanismo para obter a información necesaria para a fixación dos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013”, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses da economía galega.”

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:37
Nº Rexistro: 25951

Data envío: 09/02/2018 13:37:58.878

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/02/2018 13:32:50

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2018 13:32:55

Olalla Rodil Fernández na data 09/02/2018 13:32:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/02/2018 13:33:00

Xosé Luis Bará Torres na data 09/02/2018 13:33:04

Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2018 13:33:07

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga, Noela Blanco Rodríguez e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A epilepsia é unha enfermidade que afecta, segundo diversas aproximacións a un número próximo aos 30.000 galegos e galegas. A súa afectación ten fondas consecuencias directas sobre a saúde das persoas, e tamén sobre a súa adaptación social e inserción tanto social como laboral.

A pesares do seu tratamento, as dificultades e estigmatización que provoca xera aínda unha distancia entre os afectados e os tratamentos, que dificulta chegar con eficacia a toda a poboación que a padece. Existe, en relación a isto, un número aínda relevante de persoas que non están diagnosticadas e, por tanto, non poder ser tratadas.

As dificultades para o seu tratamento e comprensión veñen derivadas tamén das limitacións que o eido investigador sofre sobre todo o seu traballo en Galicia e no conxunto de España, polo que aínda é necesario aumentar a capacidade investigadora do noso sistema para poder ter máis e mellores respostas a este e outros problemas de enfermidades.

A unidade de referencia en Galicia para as persoas afectadas de epilepsia está no Centro Hospitalario de Santiago, facendo unha gran labor aínda que o seu traballo podería ser exponencialmente máis produtivo no caso de contar con máis medios materiais e humanos. No mesmo sentido, e dado o elevado volume de persoas afectadas, os servizos de neuroloxía dos hospitais ven limitada a súa capacidade de traballar sobre estes casos, debido ás dificultades provocadas polas necesidades non cubertas de recursos materiais e humanos axeitados para o tratamento desta patoloxía.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elevar a dotación de recursos humana e material dos servizos de neuroloxía, que permita un maior e mellor tratamento dos afectados por epilepsia en Galicia, e fortalecer na medida do posible a unidade de referencia galega do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.
2. Fomentar a investigación sanitaria que se oriente a áreas que poidan mellorar o tratamento e coñecemento da epilepsia, para poder a través da investigación avanzar na calidade de vida das persoas afectadas
3. Instar ao Goberno de España a que teña en consideración a incapacitación e estigmatización que sofren as persoas afectadas por epilepsia, de forma que poida ser avaliado o seu recoñecemento de incapacitación laboral parcial no caso das persoas enfermas que padecen episodios de crise epiléptica.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2018 11:09:10

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2018 11:09:16



Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/02/2018 11:09:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2018 11:09:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno galego afirmou, por medio do presidente da Xunta de Galicia en actos públicos (24 de novembro de 2017 no Intecmar de Vilaxoán – Vilagarcía de Arousa), a través da súa Conselleira do Mar en Pleno do Parlamento (11 de xullo de 2017), por medio de membros da Consellería de Mar en sesión de control ao Goberno en Comisión do Parlamento de Galicia e a través dos medios de comunicación, que estaba a traballar e que presentara a candidatura de Galicia para a acollida na nosa Comunidade Autónoma da condición de laboratorio europeo de referencia de control bacteriolóxico de bivalvos, que Núñez Feijoo sinalou para o centro de investigación Intecmar, en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa).

O propio 10 de outubro, a Comisión 8ª do Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade, a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, o seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituír a mellor candidatura formal do Estado para que Galicia acolla o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conseguir a chegada do dito laboratorio.”

(Comisión 8ª do Parlamento de Galicia. 10 de outubro de 2017)

Grupo Parlamentario

A delegación española na Comisión Europea, e no Comité encargado de dirimir esta cuestión, estaba representada por membros do Ministerio de Sanidade pola súa función de control en términos alimentarios e de saúde.

A pesares disto, foi coñecido que a Comisión Europea presentou aos estados membros unha resolución que indicaba a desaparición como tal do laboratorio, e a atribución das funcións ás que Galicia aspiraba a laboratorios de outros países europeos. Máis alá de que esta información estaba en posesión das autoridades autonómicas antes de facer os relatados anuncios, foi coñecido tamén que nunca existiu unha candidatura formal como si se anunciou facer por parte do goberno da Xunta de Galicia.

En sesión plenaria do 20 de decembro de 2017, o Goberno da Xunta de Galicia respondeu, por medio da Conselleira do Mar, a estas cuestións para dar explicacións sobre o acontecido. As explicacións ofrecidas implicaron varias imprecisións sobre os procedementos de toma de decisión e dos representantes españoles participantes das xuntanzas europeas nas que foi coñecida e comunicada a decisión. Algunhas destas imprecisións foron advertidas en días posteriores por diversos representantes europeos que apuntaron novamente ás incoherencias do proceso anunciado, pero nunca levado a cabo, polo Goberno autonómico de Galicia.

En recentes días foi coñecido que a Xunta de Galicia continuou a facer novos intentos con funcións periféricas e dispersas, asociadas ao mesmo procedemento, tamén de maneira infrutuosa.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe exhaustivo e minucioso dos pasos levados a cabo polo goberno autonómico de Galicia, que inclúa a documentación presentada e tramitada para solicitar ante o goberno de España constituír a candidatura de Galicia ante a Comisión Europea para acoller o citado laboratorio. Este informe incluírá tamén as persoas ás que correspondeu realizar cada acción por parte do Goberno autonómico, ben sexan responsables da Consellería de Mar ou de Sanidade.

2. Facilitar copia dese informe aos grupos parlamentarios representados no Parlamento de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2018 11:17:10

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2018 11:17:16

María Dolores Toja Suárez na data 12/02/2018 11:17:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2018 11:17:26



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

10 anos despois do comezo da crise o drama dos desafiuzamentos segue en Galiza.

O dereito recollido na Constitución a desfrutar dunha vivenda digna segue a estar tan lonxe coma nos peores anos da crise, cando miles de persoas eran expulsadas das súas casas por execucións hipotecarias.

Baixan os lanzamentos por execucións hipotecarias pero suben os derivados de impagos de alugueres.

Os desafiuzamentos e a exclusión do dereito ao acceso á vivenda de miles de persoas é algo estrutural e non conxuntural como nos pretenderon vender os gobernos durante estes anos.

É consecuencia de dous vectores. Un o modelo laboral do desemprego, da precariedade, da inestabilidade laboral, dos salarios de miseria, que da lugar ás “pobrezas” sectoriais, denominación que buscan maquillar unha pobreza real, que son a pobreza enerxética, alimentaria, ou a da exclusión do dereito á vivenda.

Outro vector é a política de vivenda, que no fundamental nada ten mudado nestes anos nos que supostamente os gobernos se preocuparon de atallar o drama da xente sen casa e das casas sen xente. Nada máis lonxe da realidade.



A vivenda segue a ser concibido como un ben de inversión, e non como un dereito.

O Estado español rescatou con miles de millóns, xa renunciou a recuperar 40.000 millóns dese rescate, aos bancos e mercoulles os “activos tóxicos” para sanear os seus balances, atopándose cunha boa oportunidade, nun momento en que miles de persoas estaban a quedar literalmente na rúa, de facer coas vivendas propiedade da SAREB un parque público de aluguer a prezos sociais, e non se fixo.

Nin unha medida de cambio de modelo a pesar da dramática experiencia destes anos. Só medidas de maquillaxe como reacción a un posible desgaste electoral, e pouco máis.

Ao contrario, a Lei de Arrendamentos Urbanos rebaixou o período mínimo de aluguer de 5 a 3 anos, restando estabilidade aos inquilinos, sen introducir nin unha soa liña para a regulación dos prezos.

O Partido Popular incluso se nega a cumprir cun mandato legislativo, para desenvolver regulamentariamente o concepto de vivenda baleira, paso indispensable para que os concellos que así o desexen poidan aplicar recargos a esas vivendas que non se poñen a disposición da xente, en cumprimento do aprobado na Lei 2/2004 Reguladora de Facendas Locais.

Para as entidades financeiras ter un piso baleiro segue a ser tan barato coma antes da crise.

Un dos elementos reguladores do mercado e indispensables para unha política que defenda por riba de todo o dereito á vivenda é a creación dun Parque público de vivenda de aluguer cunha dimensión axeitada.

Na maioría dos países europeos supera o 10 % do parque de vivendas, en Galiza e no Estado español non chega nin ao 1%.



O Instituto Galego da Vivenda e Solo conta na actualidade cunhas 3500 vivendas sobre un total de 1.600.000 vivendas que hai en Galiza, sendo a todas luces insuficiente, aínda máis si temos en conta que unha mala xestión nos procesos de adxudicación fai que haxa vivendas baleiras.

A pesar de anunciar con moita espectacularidade medidas que conducirían a liberar vivenda baleira para poñelas a disposición da xente, a Xunta de Galicia nos últimos 9 anos non incrementou ese parque, e non foi por falla de oportunidades, nun contexto onde se podía facer por varias vías; incorporación das vivendas da SAREB, de vivendas baleiras que se adquirisen, construción de vivenda nova, etc.

E con esta situación chega a chamada recuperación, que vén consolidar o modelo da desigualdade, da perda de dereitos laborais, da precariedade e da miseria salarial. Hai aproximadamente 300.000 traballadores e traballadoras que perciben menos do salario mínimo interprofesional. Moitos deles mozos, que encadean traballos precarios e temporais.

A maioría das mozas e mozos, a diferenza de hai 10 anos, non poden acceder a unha hipoteca, e optan maioritariamente polo aluguer.

En 2008 o 41% dos mozos que disfrutaban dunha vivenda facíanlo baixo a fórmula de aluguer. No 2016 xa o fai o 71%.

Isto non tería porque ser malo si houbo un mercado de aluguer público e privado que dotase de estabilidade e seguridade a estes mozos, cousa que non existe.

Aumenta a demanda de aluguer, sobre todo nas áreas urbanas, e como non hai ningunha medida que regule prezos, e hai medidas que favorecen a expulsión dos arrendatarios, suben os prezos, como o fixeron en 2016 e 2017 onde medraron en algunhas cidades de Galiza por riba do 6%.



Incluso, neste contexto, as axudas ao aluguer contribúen a esta subida, ao carecer de elementos que limiten os prezos do mercado libre.

Os desafiuzamentos por impago de alugueres sube, si non se quere remediar, seguirá subindo.

O dereito a unha vivenda digna non está garantido neste país, e por elo compre mudar as políticas que nos trouxeron ata aquí.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

- Que incremente substancialmente o parque público de vivenda en aluguer, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública en alugueiro, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopen en mal estado e o desenvolvemento das posibilidades de incorporar ao patrimonio público de edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.
- Establecer un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos o Decreto 253/2007, de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o Decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.
- Que demande do Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza , nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.



- Incrementar os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda e a mellorar os niveis de execución orzamentaria das partidas correspondentes á función de vivenda.

- Estender o Censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

- Esixir ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada, que permita a imposición efectiva de recargos no IBI naqueles concellos que así o acorden.

- Demandar do Goberno español a iniciativa lexislativa para a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, e limite as fianzas.

- Desenvolver un novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz, que incremente a coordinación e conexión co sector do traballo social e, en última instancia, que garanta o recolleemento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/02/2018 12:40:00

Marcos Cal Ogando na data 12/02/2018 12:40:07

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense contaba ata o ano 2013, cun Servizo de Cirurxía Pediátrica composto por tres cirurxiáns pediátricos reforzados nas gardas por algún outro profesional desta especialidade.

Trala xubilación dun deles, e a solicitude de traslado doutro, o cadro de persoal quedou tan reducido que non se podían seguir ofertando gardas. Esta situación obrigaba á Xerencia a reposición das vacantes, pero en lugar diso e ante a sorpresa e o desgusto da cidadanía ourensán, e dos profesionais do CHUOU, a Xerencia anunciou que se suprimía este servizo, optando polo retallo de medios nesta especialidade, reducindo á metade o número de cirurxiáns pediátricos. Así pois, dende setembro de 2013, os nenos e nenas ourensás que necesiten someterse a unha intervención cirúrxica fóra do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo, teñen que trasladarse a Vigo, a máis de 100 quilómetros, distancia que se eleva cando os desprazamentos teñen que realizarse dende outras zonas da provincia afastadas da capital, como por exemplo da comarca de Valdeorras.

Estamos falando de menores que deben ir acompañados dos pais e nais, o que supuxo un esforzo adicional para moitas familias, esforzo económico aínda máis difícil de levar a cabo para aquelas que dispoñen de menos recursos.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao restablecemento no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de maneira urxente e permanente, do Servizo de Cirurxía Pediátrica 24 horas ao día, e os 365 días do ano.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Abel Losada Álvaerz
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2018 13:21:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2018 13:21:25

Raúl Fernández Fernández na data 12/02/2018 13:21:31

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2018 13:21:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2018 13:22:07

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, a prol de incluír a variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios de Canedo-Beiro (de Ourense), dentro do Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta destinará preto de 2,9 millón de € a axudas para rehabilitación de vivendas na área de rehabilitación dos Camiños de Santiago. O Diario Oficial de Galicia publicou o 24 de xaneiro de 2018 a Orde pola que se regulan e convocan as axudas. As subvencións poderán solicitarse ata o 31 de outubro de 2018.

As persoas beneficiarias destas axudas poden ser as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e as persoas físicas propietarias únicas de edificios ou de vivendas que estean emprazadas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago e estean en posesión da correspondente resolución de cualificación definitiva outorgada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

As obras de rehabilitación deberán estar rematadas e cualificadas definitivamente antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes das axudas (31 de outubro). As que non cumpran estes requisitos poderán beneficiarse das axudas en posteriores convocatorias das mesmas, xa que na Ari dos Camiños de Santiago o prazo para solicitar a cualificación provisional (antes da finalización das obras) e a cualificación definitiva (unha vez rematadas as obras) está aberto permanentemente. Unicamente a solicitude das subvencións está sometida a unha



convocatoria anual como a que hoxe publica o DOG e cun período determinado para a solicitude da axuda.

O importe máximo da axuda será de 15.000 euros por vivenda, dos que 11.000 serán de financiamento estatal e non poderán cubrir ata o 35 por cento do orzamento e 4.000 de financiamento autonómico, co límite máximo do 10 por cento do orzamento. Os veciños e veciñas de Canedo e Beiro poderían optar e beneficiarse destas subvencións.

A delimitación da ARI comprende o trazado das setes rutas do camiño en Galicia:

- Francés. Dende Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela
- Da Prata I. Dende A Mezquita ou Verín ata Ourense e da Prata II. Dende Ourense ata Santiago de Compostela
- Inglés. Dende Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela
- Primitivo. Dende A Fonsagrada ata Melide que conecta co Camiño Francés
- Norte. Dende Ribadeo ata Arzúa que conecta co Camiño Francés
- Fisterra-Muxía. Dende Santiago de Compostela ata Fisterra con desvío Muxía
- Portugués. Dende Tui a Santiago de Compostela

A de 2018 é a cuarta convocatoria de axudas da ARI dos concellos de Santiago. Ao abeiro das tres anteriores xa se rehabilitaron 275 vivendas, con axudas de máis de 1,6 millóns de euros.

A área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago comprende 445 parroquias de 107 concellos das catro provincias galegas. Nas zonas de carácter rural o ámbito da área de rehabilitación comprende a totalidade da parroquia, de



maneira que todas as vivendas da mesma que cumpran os requisitos poden beneficiarse das axudas establecidas. Nas zonas urbanas o ámbito da ARI restrínxese ao trazado do Camiño.

En marzo de 2017, anunciouse que a Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, estaba realizando unha nova delimitación do Camiño de Santiago para incluír Canedo e Beiro na vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe. O alcalde de Ourense afirmou que a Xunta de Galicia estaba traballando para incluír no seu trazo estes dous núcleos, atendendo unha vella reivindicación.

Se até o de agora a veciñanza non pode acceder ás axudas do Programa de Rehabilitación de Vivendas que promove e xestiona o Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, é porque en 1995 só se recoñeceu unha ruta oficial do Camiño por Cudeiro, deixando fóra a zona de Beiro. A nova delimitación permitirá incluír ou definir as dúas cos seus respectivos nomes e recoñecendo iguais dereitos.

A moción de Ourense en Común, de requirir este cambio de delimitación, aprobouse por unanimidade xa en xuño de 2016 (Pleno Ordinario 03-06-2016. Moción 6.13). E modificouse o 17 de xaneiro de 2018.

ACORDO:

1. O Pleno municipal do concello de Ourense acorda instar ao goberno municipal para que, en colaboración co órgano da administración local e autonómica competentes, proceda a incluír a variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios de Canedo-Beiro, dentro do Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.



O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte ACORDO: Aprobar a moción.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en pleno:

- O Parlamento galego insta a Xunta a que inste a Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, para que delimite e inclúa a variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios de Canedo-Beiro, dentro do Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2018 13:33:52

Luca Chao Pérez na data 12/02/2018 13:34:00

Luis Villares Naveira na data 12/02/2018 13:34:09

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Segundo unha análise dos datos aportados por cada empresa, e a data do 5 de febreiro de 2018, o 80 % das empresas públicas españolas aínda non conta co reparto que establece a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos seus órganos de decisión, e logo de case once anos despois da súa aprobación.

De 137 entidades, 109 ignoran a norma e non contan nos seus órganos directivos cun mínimo do 40 % de mulleres. En 18 delas os seus conselleiros son todos homes.

Así, 112 entidades públicas non respectan o mínimo -seu Consello de Administración debería contar con, cando menos, un 40 % de representación de cada sexo- que marca a Lei de igualdade.

Exceptuando tres casos nos que a presenza de homes non chega a este mínimo (Efe, con sete mulleres e catro homes, Mercados de Abastecemento de Asturias y Tragsatec), no resto, 109 entidades, é o sexo feminino o infrarepresentado.

As empresas dispoñían de 8 anos dende a entrada en vigor da lei para conquistar ese equilibrio. O ano 2015 era, polo tanto, a data máxima. Aínda así, empresas como Paradores ou Renfe Operadora seguen tendo unha maioría abrumadora de homes nos seus consellos de administración.

O caso máis chamativo de todos é o da Autoridade Portuaria de Las Palmas, que ten 19 membros no Consello e ni un só deles é muller.

Grupo Parlamentario

As autoridades portuarias dentro do ámbito español son as que contan con máis membros nos seus consellos de administración e ningunha delas cumpre o que a norma denomina “composición equilibrada”.

Encabezan a lista das entidades públicas por número de conselleiros e, pese a que teñen máis cadeiras que ocupar, ningunha das 27 analizadas pasa o listón: todas contan con máis dun 60% de homes nos seus consellos de administración.

No caso galego, das 4 autoridades portuarias, ningunha cumpre co principio de equilibrio.

Na de Vigo: 3 mulleres de 17, un 17,64 % de presenza de mulleres

Na de Coruña: 4 mulleres de 15, un 26,6 % de presenza.

Na de Arousa: 3 de 15, un 20 % de presenza.

Na de Marín-Pontevedra: 4 de 17, un 23,52 % de presenza.

Incumprindo todas elas o mínimo de presenza que asegure o principio de equilibrio nos consellos de administración, no caso das de Arousa e Vigo a situación é aínda máis grave dado que entre a propia Xunta de Galicia e Goberno do Estado, con algo máis do 40 % de presenza en todos os consellos de Galicia, aportan tan só 2 mulleres das 7 designacións dispoñibles nos casos de Arousa e Vigo.

Polo preocupante destas cifras e datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar nesta Cámara, no prazo máximo de dous meses, un informe sobre o estado de cumprimento das empresas e entidades de participación públicas galegas suxeitas ás obrigas marcadas polos artigos 45 e 75 da Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
2. Poñer en marcha, de modo urxente, medidas para a presenza

Grupo Parlamentario

equilibrada de mulleres nos consellos de administración das catro autoridades portuarias de Galicia, e que actualmente incumpren tal obriga, por medio de tres vías:

- a) Incrementando o número de mulleres nomeadas por parte da Xunta de Galicia nos casos das autoridades portuarias de Vigo e Arousa.
- b) Demandando do Goberno do Estado a incrementar o número de mulleres nomeadas dentro dos cupos que lle corresponden en todos os casos.
- c) Instando aos propios órganos de dirección das autoridades portuarias para acadar a composición equilibrada de ámbolos dous sexos conforme dita a lei.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 13/02/2018 10:04:40

María Dolores Toja Suárez na data 13/02/2018 10:04:46



Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2018 10:15:08

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2018 10:15:14

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2018 10:15:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2018 10:15:24

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 10:15:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 10:15:29

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O principal problema que ten o sistema sanitario público galego é de persoal. Existe un deficitario número de profesionais no sistema, o que deriva nunha sobreexplotación das súas condicións laborais e, a pesares do seu esforzo, na existencia de demoras e listas de espera que empeora o servizo asistencial.

Ademais dun problema de número, o persoal traballador no sistema sanitario público galego ten tamén un problema de condicións laborais. Por un lado os contratados de modo precario, en condicións de esixencia elevada sen contraprestacións axeitadas, con eventualidades inaceptables e con subterfuxios legais que teñen provocado xa sentencias xudiciais contra o Sergas pola contratación en fraude nalgúns casos.

Un sinalado caso de problemas laborais está nos traballadores dos PAC. A pesares de ser persoal estatutario do sistema, os profesionais traballadores dos PAC en Galicia atópanse en situación de indefensión ante unas condicións laborais inaceptables en moitas das cuestións que lles afectan. Están afectados pola negativa constante da Xunta de Galicia de afrontar con garantías a revisión da paralización dos acordos retributivos de 2008, conxelados en 2010 polo goberno de Núñez Feijoo, e que derivan no mantemento do persoal sanitario de Galicia como un dos de peores condicións de toda España (o peor en varios indicadores).

Ademais desta cuestión, de maneira específica o persoal dos PAC ten problemas coas ausencias por baixas, ao non ser validado o seu tempo

Grupo Parlamentario

laboral como baixa se non como a necesidade de reubicar as súas horas; a súa non prioridade para establecer quendas e horarios respecto dos outros traballadores que, asociados a outros servizos, fan parte dos seus horarios nos PAC; o deficiente servizo de provisión de medios materiais e o seu mantemento, tendo que utilizar medios propios en moitos casos para mantelos en condicións, e outras cuestións que levan tempo reclamando e das que o Sergas é coñecedor pero non ofrece resposta satisfactoria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha canle de negociación específica co persoal dos PAC para restituír condicións laborais equiparables, como mínimo, ao resto dos profesionais do servizo galego de saúde.
2. Recoñecer a súa especificidade nas cuestións de organización de quendas, horarios, horas de traballo recuperables e non recuperables tras baixas e outras cuestións que sexan motivo de acordo específico.
3. Dotación de recursos materiais e humanos necesarios para garantir os servizos asistenciais de calidade a través dos PAC.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2018 10:18:30

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2018 10:18:36



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 10:18:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á Mesa do Parlamento

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A regulación de acceso da cidadanía a determinada información administrativa vén contemplada no artigo 105 da Constitución española,.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos recolle que o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos non debe entenderse limitado ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Na dita Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, se establece que o obxecto da Lei (artigo 1) é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, e que os principios reitores da Lei (artigo 2) son o principio de transparencia, o principio de accesibilidade universal, o principio de participación cidadá, o principio de veracidade, o principio de responsabilidade, o principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, o principio de reutilización da información e o principio de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

De igual modo, a Lei dedica o Capítulo IV (artigos 24 a 28) a regular o dereito de acceso á información pública, establecendo no primeiro punto que “Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia”.

O Consello de Contas presenta anualmente o Plan de traballo para ese exercicio que despois desenvolve coa elaboración da memoria anual de actividades e os informes de fiscalización do sector público de Galicia, entre os que se inclúe a Conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio que corresponda.

A estrutura de cada un dos informes de fiscalización contén unha introdución, o desenvolvemento de cada un dos apartados correspondentes ao tema que se trate, as conclusións do Consello de Contas, as recomendacións do Consello de Contas, os anexos correspondentes e as alegacións.

No informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondentes ás Memoria anual de actividades 2015 reitéranse varias recomendacións na presentación da información contable:

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración. Exercicio 2015

“Presentación da información contable

6.1. Tal e como se vén recollendo nos sucesivos informes da Conta Xeral, faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa aspectos básicos como a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma coas respectivas do sector público administrativo, empresarial e fundacional.

Cómpre adoptar as medidas necesarias para a implantación da rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

6.2. As modificacións da normativa orzamentaria deben estenderse á delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral conforme á tipoloxía que, para a definición do sector público, establece a Lofaxga, así como á regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades que ofrezan unha visión global da situación económica do sector público autonómico; e tamén á aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6.3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación e, en especial, dos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico”.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego para que:

- 1º) Aborde a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa aspectos básicos como a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma coas respectivas do sector público administrativo, empresarial e fundacional, estendéndose á delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral conforme á tipoloxía que, para a definición do sector público, establece a Lofaxga, así como á regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades que ofrezan unha visión global da situación económica do sector público autonómico.
- 2º) Implante a rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.
- 3º) Aprobe un novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público.
- 4º) Elabore a Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación e, en especial, dos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 10:59:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 11:00:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2018 11:00:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 11:00:23

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A regulación de acceso da cidadanía a determinada información administrativa vén contemplada no artigo 105 da Constitución española,.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos recolle que o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos non se debe entender limitado ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Na dita Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, establécese que o obxecto da Lei (artigo 1) é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, e que os principios reitores da Lei (artigo 2) son o principio de transparencia, o principio de accesibilidade universal, o principio de participación cidadá, o principio de veracidade, o principio de responsabilidade, o principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, o principio de reutilización da información e o principio de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

De igual modo, a Lei dedica o Capítulo IV (artigos 24 a 28) a regular o dereito de acceso á información pública, establecendo no primeiro punto que “Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia”.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Grupo Parlamentario

O Consello de Contas presenta anualmente o Plan de traballo para ese exercicio que despois desenvolve coa elaboración da memoria anual de actividades e os informes de fiscalización do sector público de Galicia, entre os que sempre se inclúe a Conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio que corresponda.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A estrutura de cada un dos informes de fiscalización contén unha introdución, o desenvolvemento de cada un dos apartados correspondentes ao tema que se trate, as conclusións do Consello de Contas, as recomendacións do Consello de Contas, os anexos correspondentes e as alegacións.

Nos informes de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2015 entregados polo Consello de Contas reitéranse varias conclusión e recomendacións sobre a liquidación e a xestión orzamentaria:

Conclusión sobre as modificacións orzamentarias:

“5.3. Segue constatándose un uso excesivo da utilización do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas coa finalidade de programa-ponte para realizar transferencias de crédito, permitindo alterar os límites fixados pola normativa que impedirían as transferencias directas entre as aplicacións afectadas; así como para aplicar os sobrantes dos créditos nas distintas consellerías ao financiamento das partidas deficitarias ao longo do exercicio, como no caso de gasto farmacéutico”.

Da que se deriva a **recomendación 6.4 “Liquidación e xestión orzamentaria:**

“6.4. Recoméndase a adopción de medidas lexislativas e de control parlamentario que, aínda respectando as necesarias marxes de manobra para unha xestión orzamentaria eficaz, limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas”.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que adopte as medidas necesarias co fin de atender as recomendacións feitas polo Consello de Contas referidas á utilización do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/02/2018 16:19:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2018 16:20:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/02/2018 16:20:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2018 16:20:20

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Entroido de Viana do Bolo, que goza de recoñecida fama, é quizais un dos máis orixinais que se celebran en Galicia e o evento máis antigo e con máis tradición da zona. Os preparativos desta festa comezan ao finalizar o día de Reis, cos ensaios e a preparación de disfraces e carrozas. Ao finalizar a xornada diaria e durante os fins de semana, os veciños e veciñas organízanse para ir tocar o “folión” por todos os pobos da comarca. Hai numerosos “folións”, que fan soar ritmicamente grandes bombos e apeiros de labranza. E así ata que chega o primeiro dos días de fariña, o “xoves de compadres”, que ten lugar dous xoves antes do “domingo gordo”.

A continuación chega o sábado de fariña, con festa e charangas para dar a benvida aos mozos e mozas que estudan fóra do pobo. Os lardeiros son tradicionalmente vestidos con pezas roubadas aos mozos e ás mozas de Viana. O seguinte xoves é o “de comadres”. A noite anterior son os mozos os que rouban unha peza ás mozas para colocarlle á boneca “Lardeira”, que se coloca nun poste á beira do “Lardeiro”. O venres celébrase unha festa de disfraces para nenos e maiores, xuntándose todos de noite para ir de “foliada” por rúas e bares da vila, do mesmo xeito que o sábado, un día no que a poboación de Viana do Bolo adóitase triplicar.

O “domingo gordo” é o día grande do entroido. Dende ben cedo, a banda de gaitas percorre as rúas con alboradas para espertar a veciños e visitantes. Tras a recepción ás autoridades, o pregón e a entrega das insignias da “androlla”, iníciase o gran desfile que percorre as principais rúas, participando todos os personaxes típicos do Entroido:

Grupo Parlamentario

“os boteiros”, “a mula”, “os folións” e “as carrozas”. O Boteiro é a figura máis rechamante do Entroido, coa súa máscara negra, ten como misión manter afastados aos espectadores, dando grandes brincos sobre unha pértiga curta de cores chamada “monca”. Sobre a cabeza, o boteiro leva a chamada pantalla, un ornamento de vivas cores que vai suxeito á cabeza. Ademais, a vestimenta do boteiro está tamén composta por outras tres pezas: uns pantalóns de raso vermello, unhas polainas de coiro, e unha vistosa camisa confeccionada a partir dunha camiseta de felpa, sobre a que se cosen cintas rizadas de seda ou raso que forman debuxos de cores, empregándose nela máis de 1.000 metros de cinta. O cinto está feito de coiro forrado de tea e doce esquilas (cencerros) que tintinean cando o boteiro salta. A Mula sempre vai guiada por un Maragato; antigamente subíase aos seus lombos ao cacique do pobo para que convidase a viño e viandas a todos os veciños. Durante esta xornada, adoita celebrarse a “festa da androlla”, o produto gastronómico máis internacional da zona.

Como en todos os entroidos da provincia de Ourense, o luns é o día dedicado aos nenos e nenas, con desfiles, concursos e pasarúas. O martes o folión percorre as rúas e despídese ata o ano próximo, disfrazados e cargados de fariña, os participantes na festa, percorren as rúas ata a hora do baile e dos concursos de disfraces.

Dita festa trátase pois dunha manifestación de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración polas súas características etnolóxicas e que ten unha especial importancia como atractivo turístico, polo que foi declarada de interese turístico de Galicia no ano 1999. Tendo en conta ademais que cumpre todos os requisitos recollidos na Orde ITC/1763/2006, do 3 de maio, para acadar a declaración dunha festas de interese turístico nacional:

- a) A antigüidade da celebración da festa ou acontecemento de que se trate.
- b) A súa continuidade no tempo (entre unha e outra celebración da festa non deberá transcorrer máis de cinco anos).
- c) Arraigamento da festa na localidade, o que implica a participación cidadá no desenvolvemento da festa.
- d) A orixinalidade e diversidade dos actos que se realicen.

O Pleno do Concello de Viana do Bolo no ano 2014, a proposta do grupo socialista, solicitou o inicio dos trámites para que o entroido de Viana do Bolo se declarara de “interese turístico nacional”, unha declaración coa que xa contan outros dous entroidos da provincia de Ourense: o de Xinzo da Limia e Verín.

Esta declaración require dun informe favorable da comunidade autónoma, neste caso dos organismos turísticos competentes da Xunta de Galicia, que remitirán no seu caso o expediente acompañado do informe á Subdirección General de Calidad e Innovación Turísticas, da Secretaría General de Turismo, que ditaminará ao respecto.

Esta declaración de carácter honorífico daría un empuxón a unha das festas máis antigas e simbólicas de Galicia, á vez que supoñería un revulsivo socioeconómico nunha provincia que precisa de medidas de acción positiva en todos os ámbitos e sectores de desenvolvemento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar a declaración do Entroido de Viana do Bolo como de “interese turístico nacional”.
2. Realizar todos os trámites recollidos na Orde ITC/1763/2006 do 3 de maio, para solicitar ao Goberno de España a declaración do Entroido de Viana do Bolo como Festa de Interese Turístico Nacional.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2018 11:26:45

Raúl Fernández Fernández na data 13/02/2018 11:26:51

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/02/2018 11:26:56

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 11:27:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 11:27:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á precariedade laboral na empresa concesionaria do mantemento da autovía do Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A central sindical CIG veñen de denunciar publicamente a situación de precariedade no mantemento da autovía do Salnés, precariedade que supón un risco para o persoal da empresa que realiza as labores de mantemento e para @s usuarios.

Segundo denuncian a UTE que ten adxudicado o mantemento da autovía do Salnés, a pesares de ter un cadro de persoal de trece persoas, só ten catro destinadas ao servizo de mantemento, xa que o resto adícanse a actividades como control de monitores ou xefaturas.

Estas catro persoas son as responsábeis de realizar todas as labores de mantemento e limpeza de valla perimetral, peches, cunetas e beiravías, pasos inferiores e superiores, pintado a man dos cebreados. Así mesmo teñen a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 12:11
Nº Rexistro: 26081
Data envío: 13/02/2018 12:11:17.420

encomenda de realizar a sinalización e protección da zona en caso de accidente ou sinistro agardas a chegada dos servizos de emerxencias e tráfico e logo proceder á retirada dos restos de vehículos e limpeza do firme. Realizan a sinalización en en caso de obras con conos, vallas etc. ; e correspóndelles tamén a retirada de calquera tipo de elemento que invada a vía ou como pode ser animais, desprendementos...

Dado o escaso número de traballadores destinados as labores de mantemento, seguridade e sinalización danse circunstancias de ter que acudir un só traballador a sinalizar un sinistro ou que tras estar de quenda de noite ter que continuar a xornada ordinaria pola mañá.

A Xunta como titular desta vía e responsábel da concesión á empresa do mantemento da mesma, non pode consentir este nivel de precariedade que pon en risco tanto @s traballadores como @s usuari@s. Este risco nun é un futuríbel senón que xa se ten manifestado en varios accidentes, varios deles de extrema gravidade, un con consecuencia de morte para un traballador en agosto de 2017.

Toda esta situación foi posta en coñecemento do Delegado Territorial da Xunta de Galiza en Pontevedra por parte da CIG, razón pola que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a esixirle á empresa concesionaria do mantemento da autovía do Salnés o cumprimento das



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 12:11
Nº Rexistro: 26081
Data envío: 13/02/2018 12:11:17.420

condicións laborais para garantir a seguridade laboral d@s traballadores/as
responsábeis do mantemento da vía así como d@s usuari@s.”

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2018 12:05:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2018 12:05:41

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2018 12:05:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 12:11
Nº Rexistro: 26081
Data envío: 13/02/2018 12:11:17.420

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2018 12:05:43

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2018 12:05:45

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2018 12:05:53

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A estratexia de Investimento Territorial Integrado (ITI) foi creado para proporcionar unha resposta eficaz a determinadas cuestións de índole territorial, cun enfoque multidimensional, en función dos resultados e as características específicas de cada área territorial. Isto supón ir máis lonxe con respecto dos límites administrativos tradicionais e requírese unha participación e disposición nos diferentes niveis de goberno para cooperar e coordinar así, diferentes accións co fin de acadar obxectivos compartidos.

A ITI é un instrumento habilitado pola regulación comunitaria en apoio ás accións integradas nun territorio, permitindo combinar o financiamento vinculado a diferentes obxectivos temáticos e a diferentes programas apoiados polos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE).

O obxectivo principal do mecanismo dos ITI é o desenvolvemento de estratexias flexibles para dar respostas integradas ás diversas necesidades territoriais.

Por iso, a introdución desta nova ferramenta de integración, utilizada para implementar estratexias territoriais sobre o terreo, vincula obxectivos concretos cunha gobernanza máis activa e vinculada. Incidindo nun desenvolvemento comarcal guiado pola Comunidade Autónoma ou outras administracións.

No programa operativo Feder Galicia 2014-2020 os fondos destinados á ferramenta do Investimento Territorial Integrado representan na actualidade un 15,7 % do total dos fondos Feder, é dicir, ascendendo a 138.918.756 €, cunha execución coñecida baixa. Son fondos que sustentan a chamada Estratexia Atlántica: ITI Azul, sendo xestionados de forma coordinada pola Autoridade de Xestión do Programa co apoio da Xunta de Galicia.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O “Acordo de Asociación de España 2014-2020”, aprobado pola Comisión Europea o 4 de novembro de 2014, recolle no seu apartado 3.1.2, o desenvolvemento de catro Investimentos Territoriais Integrados, deixando aberta a posibilidade do desenvolvemento doutras ITI, nos supostos nos que se detectase a necesidade de expor enfoques integrados e un feito diferencial no territorio que os xustifique.

A Comisión Europea adoptou o programa Espon 2013, como ferramenta para lograr os obxectivos descritos e co fin de recadar información sobre as dinámicas e potenciais territoriais para o desenvolvemento sostible e equilibrado das rexións europeas, prestando especial atención o fenómeno do despoboamento observable nas diferentes zonas da Unión.

A dita cuestión, como é coñecido, incide de xeito fundamental en toda Galicia e, moi especificamente na provincia de Ourense, a cal padece unha fonda regresión demográfica en moitas das súas comarcas. A existencia de zonas cunha gran dispersión territorial dos núcleos de poboación, unido á súa baixa densidade e a dificultade orográfica, contribúen a preservar e acentuar a dicotomía entre as contornas urbanas e rurais, dificultando a xestión dos recursos e servizos públicos sobre o terreo, nun contexto de elevado envellecemento poboacional e risco de despoboamento. As variacións á baixa de poboación en moitas comarcas galegas é moi significativo e, soamente nos últimos quince anos, alcanzan as veces ata unha porcentaxe de preto do – 25 %.

Vemos datos da provincia de Ourense desoladores como que é a primeira provincia de todo o territorio español que conta con máis xubilados que cotizantes, unha liña vermella que a provincia de Lugo está a punto de pasar. Cerca do 90 % dos 92 concellos de Ourense xa están a abonar máis prestacións que nóminas, segundo os últimos datos da Seguridade Social.

Sendo as comarcas máis rurais e interiores de Galicia as que están a sufrir máis este paradigma de descenso demográfico e ante a insuficiencia e exíguo deseño e resultados na estratexia demográfica levada a cabo pola Xunta de Galicia, débese facer uso desta nova ferramenta de Investimento Territorial Integrado (ITI), en consonancia ca proposta da Comisión Europea para o período financeiro actual (2014-2020).

Grupo Parlamentario

Por todo iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar no prazo máximo de tres meses ante á Cámara galega, unha proposta de aplicación de fondos na estratexia do Investimento Territorial Integrado, co obxectivo de axudar a reverter a situación de regresión demográfica significativa nas que están moitas das comarcas galegas, tal que, previos os trámites oportunos correspondentes, poda ser aprobada polos responsables da Unión Europea para redirixir parte dos fondos europeos ás actuacións así definidas”.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 13:37:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 13:37:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 13:37:41

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas.

No seu apartado 4. Retos e visión compartida. Establécese que a visión é “Un camiño de todos para todos, un camiño adaptado para o peregrino de 2021, e un camiño modelo demostrador internacional.

No apartado 8. Visión desexada no 2021. Deséñase unha Etapa Modelo tipo na que se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino do 2021 en materia de aloxamentos, servizos ao peregrino, conservación das rutas e do patrimonio, etc.

Para acadar esta Etapa Modelo en todo o Camiño, vanse abordar as accións de xeito coordinado entre os distintos axentes no marco de cada ruta atendendo aos seus anos por Camiño, previamente establecidos.

Deste xeito, estableceuse para o ano 2017 a consecución das accións necesarias para acadar o obxectivo da etapa modelo nos itinerarios dos camiños Francés, Fisterra Muxía e Inglés.

Grupo Parlamentario

Este obxectivo, establece como vai ser o camiño que vai acoller ao peregrino do 2021, o estándar de como vai quedar cada un dos itinerarios sobre os que se vai actuar:

Servizos ao peregrino:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Xestión enerxética, hídrica e de residuos eficiente
- Wifi na rede de albergues públicos
- Profesionais cualificados: idiomas
- Oferta gastronómica
- Produtos artesáns
- Oferta cultural
- Camiño limpo e en bo estado
- Xestión integral dos residuos
- Áreas de descanso cada 20 Km.
- Asistencia sanitaria
- Acceso a internet gratuíto no trazado do camiño
- Conservación do Patrimonio cultural
- Plantación de especies autóctonas
- Núcleos de poboación e patrimonio etnográfico protexido e rehabilitado
- Rutas alternativas para BBT e persoas con mobilidade reducida
- Sinalización: Mouteira oficial cada 0,5 km e cartel direccional en cada cruce ou tramo que o precise
- Fonte de auga potable cada 20 Km
- Áreas habilitadas para bebedoiros de animais

Grupo Parlamentario

- Seguridade viaria: sen cruces perigosos, rutas peonís alternativas

Pero a realidade dista moito de cumprir este obxectivo de etapa modelo nos itinerarios indicados, pois son varias as deficiencias que se detectan nos tres itinerarios:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.
- Deficiencia na sinalización do camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do camiño.
- Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos.
- Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional.
- Deficiencia na conectividade, cun 80 % dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta.
- Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.
- Animais abandonados en tramos do camiño
- Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados
- Escaso apoio da Consellería de cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño.

No paso do Camiño de Santiago polo concello de Narón, as deficiencias son varias:

- As mouteiras indicativas do Camiño Inglés a Santiago de Compostela no tramo que discorre polo concello de Narón carecen de punto quilométrico.
- Á altura do punto quilométrico 099,905, existen dúas mouteiras xuntos informando mediante frechas de dous camiños alternativos:

- a) O camiño da marxe dereita, leva ao peregrino cara o Muíño das Aceas, polo que sería oportuno engadirle á mouteira do camiño que



Grupo Parlamentario

indica a variante da dereita un código QR informativo indicando o que se vai atopar o peregrino nese tramo, entre outros puntos de interese o Muíño das Aceas, un valor do patrimonio cultural do Camiño que discorre polo concello de Narón.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

b) No camiño da marxe esquerda, aproximadamente uns 150 metros despois de pasar a ponte, os peregrinos non ven a continuación do camiño xa que este finaliza nunha zona de maleza que dificulta a visibilidade dun tramo de escaleiras de baixada (pequenas, estreitas e perigosas), polo que moitos peregrinos dan a volta para continuar pola outra ruta alternativa, polo que sería oportuno colocar unha mouteira ao final da ponte indicando o camiño a seguir, así como acondicionar as escaleiras que na actualidade constitúen un perigo polo seu firme e carencia de pasamáns.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no prazo máximo de tres meses se arranxen as deficiencias do Camiño de Santiago o seu paso polo termo municipal de Narón.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/02/2018 13:23:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 13:23:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 13:23:48

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA** a través da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao aumento de servizos sanitarios na comarca de Chantada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Chantada sufriu nos últimos anos os efectos do recorte da Xunta á Atención Primaria, coa amortización dunha praza de fisioterapia (co conseguinte aumento de lista de agarda) e doutra de enfermería, coa falta de pediatra ou o feito de que a matrona só consulte un día á semana, así como a non cobertura de permisos e vacacións do persoal.

O Centro de Saúde de Chantada ten unha praza de pediatría que atende a menores dos Concellos de Chantada e Carballedo, contando con 850 crianzas en idade pediátrica.

Durante o verán de 2017 o Centro de Saúde de Chantada quedou sen atención pediátrica cando a médica de familia que ocupaba a praza –substituíndo á profesional que se atopaba de baixa– foi a outro destino e o Sergas non cubriu a vacante.

A primeira resposta do Sergas foi que as urxencias pediátricas e as consultas pasaríanse a atender polo resto de persoal médico do centro (que non foi



reforzado) e no Hospital de Monforte. Finalmente, a presión social obrigou ao Sergas a ofrecer o servizo de pediatría en Chantada dous días á semana durante os meses de xullo e agosto, botando man das profesionais de pediatría do Hospital de Monforte.

Esta solución de recorrer a profesionais do Hospital de Monforte foi un parche e supuxo retirar horas de pediatría á comarca de Lemos, onde o servizo tamén precisa un reforzo, tanto no Hospital como no Centro de Saúde de Monforte, onde só hai tres pediatras, pero unha das persoas titulares se atopa cunha baixa de longa duración e non se substitúe.

En setembro, cunha nova profesional no centro, só pasou consulta tres días á semana.

Ademais, esta situación xa foi repetida a finais de 2016.

Dende outubro, a praza volve de novo estar cuberta por unha médica de familia debidamente especializada en pediatría, pero non por unha profesional de pediatría.

O 6 de febreiro de 2017, o persoal do Centro de Saúde de Chantada, dirixiu á Xerencia da EOXI de Lugo un escrito denunciando as deficiencias no centro, entre as que destacan: a mala climatización, cunha baixa temperatura os días posteriores a festivos e fins de semana e con radiadores sen funcionar, as deficiencias na iluminación, un canalón que leva anos roto na entrada, provocando caída de auga a chorros xusto na zona pola que pasan as padiolas da ambulancia, a falta de servizo de limpeza suficiente e un armario de cableado de datos a medio reparar.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Deseñar un plan para garantir a estabilidade dunha praza de pediatría no Centro de Saúde de Chantada.
2. Deseñar un plan para garantir a cobertura pediátrica suficiente en todo o sur lucense antes de 2020, reforzando o servizo tanto no Hospital como no Centro de Saúde de Monforte.
3. Aumentar os servizos de fisioterapia en Chantada tendo en conta a demanda existente.
4. Acometer inmediatamente as reformas e arranxos necesarios no Centro de Saúde de Chantada e evitar a situación de mala climatización vivida ata o de agora en días posteriores a festivos e fins de semana.
5. Dotar ao sur de Lugo dunha nova ambulancia medicalizada.
6. Recuperar a xestión da área sanitaria de Monforte.
7. Elevar o investimento da Xunta en Atención Primaria.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/02/2018 10:24:47

Luis Villares Naveira na data 14/02/2018 10:24:59

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, sobre as prácticas escolares a prol da igualdade.

Exposición de motivos

Partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, é imprescindible reforzar o papel das mesmas e do profesorado a prol da igualdade. Neste senso, a escola debe converterse no principal axente a prol da igualdade, espazo no que se combatan os estereotipos e roles que fomentan a desigualdade de xénero, e no que se traballe para o cambio necesario.

Malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos de educación en igualdade, resultan insuficientes, esporádicos e moitas veces dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas. A pesar do marco xurídico que mandata o desenvolvemento dunha formación en igualdade tanto para o alumnado como para o profesorado, as eivas son enormes. Como enorme é a carencia de mulleres nos libros de texto. Ademais, a educación afectiva sexual segue sen ter un espazo no currículo.

Ausencias que cómpre atallar e que resultarían útiles para loitar contra as múltiples facianas da fenda de xénero.

Neste senso, hai apenas dous días que os xornais se facían eco de que só o 24,5% do total de alumnado matriculado en titulacións técnicas son mulleres. Unha cifra



12 puntos por debaixo da que tiñamos en 2005. Ou o chamativo caso de informática: se hai vinte anos a porcentaxe de mulleres matriculadas nesta titulación rondaba o 30%, actualmente queda só nun 12%.

Desigualdade que se deixa sentir, de forma especialmente intensa no mercado laboral, con máis paro, máis temporalidade, máis traballo a tempo parcial, teitos de cristal, menores salarios, pensións máis baixas, xornadas dobres... e que, polo tanto, cómpre atallar dende a infancia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

1. Crear prazas de axentes de igualdade nos centros educativos para poder avanzar cara equipos conxuntos de orientación e igualdade, con formación específica en igualdade e prevención das violencias machistas. Para ter esta consideración, os axentes de igualdade deberán acreditar, cando menos 300 horas de formación específica.
2. Elaborar un plan de formación en igualdade para o corpo docente con formación específica en prevención e detección das violencias machistas tanto no proceso de formación previa como ampliando a formación continua para o profesorado en formación en prevención e atención á violencia machista
3. Estender a materia de igualdade de xénero a todos os cursos educativos, adaptando os contidos a cada etapa educativa e incluíndo, entre os seus contidos, bloques específicos de educación afectivo-sexual.
4. Desenvolver un plan de patios escolares a prol da igualdade de xeito que se aposte por xogos que promovan a convivencia e un uso dos espazos igualitario.



5. Levar a cabo as medidas necesarias para que nas escolas que se use uniforme escolar, se aposte polo uniforme escolar único de pantalón evitando a diferenciación de uniforme para nenos e para nenas.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Paula Quinteiro Araujo,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/02/2018 12:45:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/02/2018 12:45:17

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2018 12:45:26

Luis Villares Naveira na data 14/02/2018 12:45:33

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Despois dun número excesivo de anos está comezando a construírse a chamada variante de Aradas, que conectará, cando estea concluída, o Polígono do Tambre coa estrada de Santiago de Compostela a Carballo.

Tamén está comezando a tramitarse o chamado orbital, que mellorará as conexións da autovía a Lavacolla coa autoestrada -e continuando no borde do Polígono de A Sionlla- coa N 550.

A variante de Aradas resolve un problema, facilitando a conexión do Polígono co noroeste da provincia de A Coruña e aliviando a presión sobre outras entradas da área industrial. Con esta actuación reducirase o tráfico que circula por Vite e Vista Alegre en 4.000 vehículos diarios, sendo aproximadamente a metade pesados. Non obstante, pode chegar a producir outro, introducindo unha presión maior sobre os viario interiores do Polígono por tráfico de tránsito que busque agora formas de evitar outras zonas urbanas de circulación menos fluída.

Para evitar este problema e completar a adecuada conexión perimetral cabe desenvolver un novo viario que, desde o punto de encontro da variante de Aradas co Polígono do Tambre – á altura da intersección das vías Marconi e Nobel-, permita alcanzar a estrada nacional 550 e, a continuación, o chamado orbital (chegando así á AP 9 e á autovía a Lavacolla). A circulación será máis fluída e ordenada, reducindo a presión sobre o interior do Polígono.



Grupo Parlamentario

Trátase dun viario previsto no ordenamento urbanístico, de curto percorrido, que pasaría por zonas non urbanas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver o proxecto para a conexión entre o remate da variante de Aradas e a nacional 550, que permita a licitación da construción da mesma en 2019.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2018 13:37:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2018 13:37:26

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Antonio Quiroga Díaz**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Con grande profusión mediática, a Xunta de Galicia instaurou a finais do ano 2016 a aplicación da gratuidade para a xente nova no transporte metropolitano de Galicia, isto é o servizo de transporte público en autobús competencia da Comunidade que presta os seus servizos no ámbito territorial nucleado actualmente en torno a algunhas das grandes cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo).

Pero resulta chocante que esta medida non se estenda tamén ao medio menos urbano de Galicia, nunha lexislatura que segundo declaracións públicas do propio presidente da Xunta de Galicia, está chamada a converterse na “*Lexislatura do rural*”.

A propia normativa aprobada establece na súa parte introdutoria xustificacións que, ao menos con igual motivo, poden ser aplicables ao transporte público en autobús da mocidade no medio rural. Así se fai fincapé en cuestións como a necesidade de reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas en materia de xuventude, incorporando novas actuacións que deben pasar, entre outras medidas, en apostar por mellorar a calidade de vida da infancia e da mocidade a través do fomento da mobilidade co uso do transporte público colectivo, ofrecendo a xente nova condicións especialmente favorables. Cabe engadir ademais, que as razóns de desprazamento no medio rural son en moitas ocasións obrigadas, por cando é forzoso trasladarse para ter acceso a unha serie de servizos dos que carecen, a diferenza do que sucede nas áreas máis urbanas.

Grupo Parlamentario

Na actualidade xa existen ademais para as tarifas xerais de servizos públicos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral por estrada competencia da Xunta de Galicia, a posibilidade de establecer descontos ou bonificacións.

A implantación dos medios tecnolóxicos nos servizos do transporte público por estrada en Galicia, xa xeral segundo a propia conselleira responsable de mobilidade, deben facer posible coa dilixencia necesaria, poder implantar unha tarxeta coas características e vantaxes tarifarias similares as que posúen na actualidade as tarxetas metropolitanas para a xente moza, rematando ca discriminación que están a padecer na actualidade as mozas e mozos que residen no ámbito rural fronte os de carácter máis urbano.

De feito nas adxudicacións dos novos servizos de transporte regular de persoas viaxeiras realizadas nos últimos meses pola Administración autonómica, a instalación e utilización dos sistemas tecnolóxicos apropiados era unha das condicións obrigadas. Constituindo esta igualmente unha condición que, sen dúbida, tamén deberá formar parte das contratacións que debe realizar a Xunta de Galicia proximamente, a través do que a Xunta de Galicia deu en chamar o seu “Plan de transporte público”.

Polo que é posible poñer en marcha tal medida concreta para o conxunto da mocidade de forma inminente.

Ás razóns anteriores pódese engadir que mentres o transporte metropolitano, ten un importe por subvencións por parte da administración autonómica que acada os dez millóns de euros, nas cales están incluídas as axudas para a gratuidade da xente moza, o transporte regular xeral e fora desas áreas urbanas, non conta con contía algunha, o que non deixa de resultar paradoxal.

Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha as actuacións necesarias co obxecto de lograr, antes do final do ano 2018, a gratuidade para a xente moza que utilice o transporte público regular por estrada competencia da Comunidade Autónoma, en condicións cando menos similares as que se posúen na actualidade pola denominada “*tarxeta xente nova*”.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Quiroga Díaz
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/02/2018 16:59:25

Noela Blanco Rodríguez na data 14/02/2018 16:59:30

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2018 16:59:35

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/02/2018 16:59:41



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2018 16:59:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Juan Manuel Díaz Villoslada, Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Hai algo máis de oito anos *General Dynamics* afirmaba que a súa fábrica de Pedralonga na Coruña tiña un bo futuro e contribuía a que España fose un dos países importantes en Europa para esta multinacional. En 2013 pechou as instalacións co despedimento dos seus traballadores.

En 2014 a Fábrica de Armas da Coruña foi adxudicada polo Ministerio de Defensa á empresa *Hércules de Armamento* en concurso público, participando activamente a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña na súa reapertura.

Como xa indicamos en anteriores iniciativas, o adxudicatario asumiu, conforme aos pregos de condicións, compromisos na creación de emprego e de produción, co abono dun canon anual de 250.000 euros e recibindo 127.943 metros cadrados da factoría, equipada con maquinaria de alta precisión. *Hércules de Armamento* comprometiase no seu plan de negocio a un investimento total inicial de dous millóns de euros e de cinco millóns a tres anos.

O novo concesionario prevía facturar vinte millóns de euros anuais, especializándose en liñas de armamento e de aeronáutica, coa incorporación de 155 traballadores no primeiro ano e de 200 no segundo, pretendendo converterse no “corazón da I+D+i de Galicia”. Actualmente non máis de trinta traballadores están presentes na factoría.

Ex-traballadores da Fábrica de Armas veñen denunciando con insistencia ante o Ministerio de Defensa, a Delegación do Goberno en Galicia e a Xunta de Galicia que a adxudicación a *Hércules de Armamento* era un “bluff industrial”. Despois das desavinzas iniciais entre os socios, a concesionaria vén incumprindo de forma flagrante as condicións concesionais, en termos de actividade industrial, pagamento do canon, creación de emprego, non pagamentos de salarios ou débedas coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria, sen que ata o momento

Grupo Parlamentario

se coñezan actuacións do Ministerio para esixir o cumprimento das cláusulas da concesión ou, se proceder, a súa inmediata rescisión. As débedas de *Hércules de Armamento* poderían estar preto dos sete millóns de euros.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tras solicitar os traballadores de *Hércules de Armamento* ao conselleiro de Industria reunións para buscar solucións desde 2015, en febreiro de 2017 a Consellería recibíunos a nivel técnico para buscar solucións ao proxecto industrial, sen que desde estas datas se volvera ter resposta por parte do Goberno galego. A empresa *Mecanizados Escribano* anunciara estar en contactos coa Xunta de Galicia para entrar como novo socio inversor antes do verán de 2017.

A crítica situación da Fábrica de Armas que se vén denunciando dende o momento mesmo da licitación da súa concesión por parte do Ministerio de Defensa esixe tomar todas as medidas necesarias para retomar os compromisos asumidos pola Administración xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar todas as medidas necesarias para garantir, en coordinación co Ministerio de Defensa, a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 14/02/2018 17:02:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/02/2018 17:02:22

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/02/2018 17:02:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2018 17:03:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

As costas galegas arrastran unha longa historia de contaminación. Lembramos fai pouco o triste aniversario do Prestige, pero, por desgraza, non é o único fito negro que temos que ter presente. Hai outros que, ademais, contan co agravante de ter sido deliberados.

Durante décadas, oito países europeos verteron residuos nucleares preto da nosa terra. Entre 1949 e 1982, Gran Bretaña, Bélxica, Holanda, Francia, Suíza, Suecia, Alemaña e Italia desfixéronse dunhas 140.000 toneladas de material contaminante na Foxa Atlántica. Empregaron para elo bidóns de aceiro e formigón que non estaban deseñados para conter indefinidamente os residuos. Algúns dos vertidos, como os británicos de 1964, permanecen a só 200 quilómetros de Asturias. Non obstante, 35 anos despois, os gobernos do Partido Popular prefiren mirar cara outro lado en vez de fiscalizar se o material supón algún tipo de risco para o medio ambiente e a saúde. De feito, ninguén parece ter moi claro a quen lle corresponde vixialo.

O Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA), que considera os residuos de baixa intensidade, asegura que non é a súa competencia vixiar o seu



estado. A Organización Marítima Internacional (IMO) entende que o control das verteduras lle atinxe á OIEA e á OSPAR, unha organización creada por diversos gobernos europeos e a propia Unión Europea co obxecto de protexer o medio ambiente mariño no Atlántico nororiental. Porén, a OSPAR nin sequera sabe cando se realizou o último estudo sobre os bidóns radioactivos ou cando se realizará o próximo. Mentres tanto, o Estado español limitábase a botar balóns fora dicindo que non é a súa competencia. Ao parecer, vixiar e procurar a saúde da cidadanía e o medio ambiente non forma parte das súas atribucións.

É obvio que os vertidos de residuos nucleares precisan dun control constante, xa que os riscos que entrañan non desaparecen co paso do tempo. Polo tanto, é de xustiza que os responsables de depositar milleiros de toneladas de material contaminante ao carón das nosas costas asuman a responsabilidade dos mesmos, vixiándoos e elaborando informes que garantan a limpeza das augas.

Non obstante, a Comisión Europea declarou recentemente que non ten coñecemento de que existan novos estudos científicos sobre o estado actual dos residuos radioactivos. As institucións internacionais e estatais nonos supervisan de facto.

Ante esta situación, as autoridades galegas e españolas terían que tomar cartas no asunto inmediatamente, pero non o están a facer, o que constitúe unha gravísima irresponsabilidade. Nin a Xunta de Galicia nin o Goberno central esixiron que os residuos foran investigados.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar informes ás autoridades competentes acerca do estado dos residuos radioactivos da Foxa Atlántica.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 14/02/2018 17:06:02

Antón Sánchez García na data 14/02/2018 17:06:10

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Rede Natura 2000 está formada por 27.522 espazos que suman case 1,2 millóns de quilómetros cadrados na superficie terrestre da UE, o 18 %. España está por riba desta cifra (a superficie aportada supón o 27,3 % do país), mentres que Galicia aporta só un 12 % do seu territorio.

A Rede Natura 2000 é, sen dúbida, un dos grandes logros da UE, no que deberían convivir as persoas e nos que a actividade económica debería ser posible e ata necesaria para asegurar a conservación dos recursos naturais. Precisamente por iso, a UE quere mellorar a financiación da rede e atraer toda clase de inversións, tamén do sector privado, cara proxectos relacionados coa natureza. Para tal fin, a UE propón utilizar o Mecanismo de Financiamento do Capital Natural, a través do que o Banco Europeo de Investimentos prestará cartos para proxectos relacionados coa biodiversidade. A propia Comisión ten proposto recentemente asignar 60 millóns de euros adicionais para proxectos relacionados con estes espazos, fondos comunitarios para axudar á xestión eficaz da Rede Natura 2000. Galicia ten un plan Director absolutamente xenérico que carece de obxectivos claros e medidas pouco ambiciosas, tamén na falla de axudas de calquera tipo aos cidadáns que viven en territorio afectado pola Rede Natura.

En resposta, de data 7 de febreiro, a preguntas deste grupo parlamentario, o Goberno galego nada dixo sobre o que se lle preguntaba expresamente (POP documento número 12782), só que o importe total de fondos comunitarios empregados na Rede Natura nos últimos 9 anos superaba os 31,5 millóns de euros.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a utilizar o Mecanismo de Financiamento do Capital Natural, a través do que o Banco Europeo de Investimentos prestará cartos para proxectos relacionados coa protección da biodiversidade e, polo tanto, para os espazos de Rede Natura.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2018 17:43:10

María Luisa Pierres López na data 14/02/2018 17:43:15

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2018 17:43:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2018 17:43:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:48
Nº Rexistro: 26195
Data envío: 14/02/2018 17:48:07.307

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o estado do firme na Autovía do Noroeste (A6) así como as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir o seu correcto mantemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de mantemento no firme da A-6 entre Montsalgueiro e O Ceao evidénciase a pouco que calquera colla o vehículo e pase por este tramo da Autoestrada do Noroeste construído hai dúas décadas. Non é o único tramo, tamén no Cereixal ou entre Outeiro de Rei e Baamonde as fochancas son habituais.

Esta situación, que supón un risco para os milleiros de vehículos que a diario fan uso desta infraestrutura –un promedio de máis de 23 mil ao día só entre o polígono industrial da cidade de Lugo e Outeiro de Rei—débase a unha desatención evidente por parte da empresa concesionaria encargada da súa xestión (cuxo contrato remata este verán) e pola deixadez do Ministerio de Fomento, titular da autoestrada.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:48
Nº Rexistro: 26195
Data envío: 14/02/2018 17:48:07.307

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver as accións necesarias diante do Goberno español para exixir o arranxo do firme na A-6, especialmente entre Montesalgueiro e O Ceao.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2018 17:45:19



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:48
Nº Rexistro: 26195
Data envío: 14/02/2018 17:48:07.307

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2018 17:45:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2018 17:45:28

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2018 17:45:29

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2018 17:45:31

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2018 17:45:38

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán, e unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. Esta lei di, no seu artigo 7.3, que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza. Mais o certo é que o uso da nosa lingua na xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando dende este grupo parlamentario se lle piden expresamente ao Goberno.

O Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias ten considerado, no seu cuarto informe sobre o grado de cumprimento do texto, que hai carencias no uso do galego no ámbito xudicial. Por tal motivo, instou ás Administracións españolas e galegas a introducir os cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos en lingua galega. A Xunta de Galicia simplemente manifestou a toma en consideración das recomendacións.

Na Comisión 1ª do día 14 de febreiro, o propio director xeral de Xustiza falaba dos posibles cambios normativos, que en todo caso se deberían facer nas Cortes Xerais.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado o impulso dos cambios normativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega, conforme recomenda o cuarto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2018 17:48:09

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/02/2018 17:48:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 14/02/2018 17:48:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/02/2018 17:48:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2018 17:48:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2017 ADIF e RENFE anunciaron a eliminación do servizo de información e atención ao público e a venda presencial de billetes en estacións como O Barco de Valdeorras, A Rúa, O Carballiño, Ribadavia, Sarria e Guillarei, unha decisión que causaría graves prexuízos ás persoas usuarias do ferrocarril de Galiza, nomeadamente en Ourense por ser o territorio que máis estacións aglutinaba.

Esta medida ameazou o servizo de máis de 56.000 persoas que o ano pasado mercaron un billete nestas estacións, ás que se lles arrebatara a posibilidade de se dirixir ao persoal de atención ao público do ferrocarril galego. Porén, naquela altura a mobilización e oposición social a esta medida conseguiu freala e garantiuse por parte de Renfe-Adif a permanencia do servizo de venda.

Porén, vimos de coñecer que Adif vén de sacar a licitación do servizo de venda presencial de billetes na Rúa-Petín e no Barco de Valdeorras e que, segundo dá a coñecer o xornal dixital Praza Pública o sindicato ferroviario CGT denuncia que esta situación derivará en perdas de postos de traballo e deficiencias na atención.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 26204
Data envío: 14/02/2018 18:06:51.234

Desde o BNG entendemos que este é un novo agravio en materia de servizos ferroviarios cara as e os galegos, máis concretamente cara os e as ourensás. Para alén de asistir á intencionada demora para dotar a Galiza dun tren de alta de velocidade vemos como co paso dos anos se van desmantelando tanto liñas como servizos. Neste sentido, a privatización da venda de billetes suporá un chanzo máis na política de recortes e redución de servizos, perdéndose o seu carácter público e sen garantías canto ao mantemento de postos de traballo atención de calidade para as persoas usuarias. Un ataque as prestacións e servizos que gozan os galegos e galegas, pretendendo o desmantelamento destas estacións que son puntos de referencia para importantes comarcas do país, principalmente de zonas rurais e do interior.

En base ao exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno central o mantemento da venda de billetes de tren das estacións da Rúa-Petín e do Barco de Valdeorras como un servizo público, desistindo de privatizar a súa xestión.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 26204
Data envío: 14/02/2018 18:06:51.234

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2018 18:00:30

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2018 18:00:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2018 18:00:38

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2018 18:00:40

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2018 18:00:41

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2018 18:00:49

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Marián García Míguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos son cuestións que deben ser resoltas tanto polos homes coma polas mulleres e deben ser facilitadas e impulsadas polas distintas administracións.

Dende a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam, a Unión Europea adquiriu o compromiso formal e prioritario da consideración da Igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade. Isto implica a aplicación do principio de igualdade de trato nos diferentes ámbitos: a loita contra a discriminación por razón de sexo no acceso o emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo, así como a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

Na Estratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, tamén se destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos con fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

Neste marco, a Xunta de Galicia vén de publicar unha convocatoria de axudas ás Entidades Locais da Comunidade Autónoma que ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local, como son os

programas de fomento da conciliación. Os obxectivos destes programas de conciliación deben responder ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da organización dos seus tempos persoais, laborais e familiares; así como os Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas un sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servicios e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

Por outro lado, é de vital importancia seguir traballando na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación corresponsable.
2. Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.
3. Avanzar na coeducación para eliminar roles e estereotipos de xénero que repercuten na histórica división sexual do traballo e perpetúan a desigualdade na asunción das responsabilidades familiares e domésticas por parte de mulleres e homes.
4. Impulsar e favorecer a implantación de medidas de conciliación e de flexibilización do tempo de traballo nas empresas e outras organizacións, tales como as Administracións locais e Autonómica, fomentando o uso corresponsable entre as persoas traballadoras, así como promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria.
5. Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia.
6. Intensificar a labor da Inspección de Traballo e Seguridade Social e demais acción de promoción contra a fenda salarial e pola igualdade efectiva no traballo,

ao abeiro do plan Emprega en Feminino”.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/02/2018 18:19:28

Paula Prado Del Río na data 14/02/2018 18:19:38

María Ángeles Garcia Míguez na data 14/02/2018 18:19:47

César Manuel Fernández Gil na data 14/02/2018 18:19:53

Jacobo Moreira Ferro na data 14/02/2018 18:19:56

María Isabel Novo Fariña na data 14/02/2018 18:20:06

Antonio Mouriño Villar na data 14/02/2018 18:20:13

Alberto Pazos Couñago na data 14/02/2018 18:20:20

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/02/2018 18:20:28

Raquel Arias Rodríguez na data 14/02/2018 18:20:37

María Guadalupe Murillo Solís na data 14/02/2018 18:20:44

Moisés Blanco Paradelo na data 14/02/2018 18:20:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fenda salarial, a discriminación feminina nos ingresos por traballo fronte aos homes, é a concreción dunha situación estrutural de desigualdade no mercado de traballo que, á súa vez, reflicta unha desigual posición na sociedade.

Tendo en conta os datos de Eurostat, a diferenza no salario por hora medio bruto entre homes e mulleres era no Estado español dun 14,9% en 2015. A fenda salarial total entre xéneros (diferencia entre os ingresos anuais medios das mulleres e dos homes), segundo os mesmos datos de Eurostat era en 2014 dun 35,7%.

Segundo o informe “Brecha salarial y techo de cristal”, elaborado por Gestha seguindo a estatística do mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias de 2016 da AEAT, a fenda salarial acadada en Galiza un 28,7%, tendo en conta que o salario medio feminino se sitúa en 2016 en 15.730 €, 4.513 € menos que o masculino.

Esta desigualdade de xénero nos salarios permanece estancada practicamente no noso país dende o ano 2005.



En canto á fenda do salario medio feminino galego co resto do Estado, as mulleres galegas cobran de media 551 € menos que a media do salario feminino de todas as C.A. de réxime común.

O informe de Gestha amosa que o cambio de ciclo económico dende 2014 non está chegando ás mulleres xa que, dende esa data, a fenda salarial, que se reducira durante a crise (pola perda de salario dos homes), non fixo máis que aumentar.

Segundo o estudo da CIG sobre o mercado de traballo en Galiza do ano 2016, “no ano 2015, de media, unha muller ingresou o 77,8% do que ingresou un home; no ano 2009 foi o 76,9%. Logo deste período acurtáronse levemente as diferenzas, mais este acercamento non se debeu a un maior incremento dos salarios das mulleres, senón a un maior descenso dos salarios dos homes comparativamente coas mulleres. O mesmo que ocorre coa taxa de paro. Prodúcese un estreitamento das diferenzas, pero provocado polo empeoramento das condicións laborais masculinas, non pola mellora das femininas.”

Os factores que inciden na existencia da fenda salarial son diversos.

En primeiro lugar, é menor a taxa de actividade feminina (49,1 % en 2016) e a taxa de ocupación (41,1%), 9 e 8 puntos inferiores ás masculinas.

Por outra parte, nas mulleres ten maior incidencia o emprego a tempo parcial (o 76% dos traballos a xornada parcial son realizados por mulleres), unido ao feito de que a maioría deste emprego a tempo parcial é obrigado polas circunstancias de coidado de menores ou dependentes. Así, en 2017, 1.078 mulleres acolléronse en Galiza a algunha excedencia para coidado de fillos e/ou fillas, fronte a 132 homes que fixeron o mesmo. Ademais, a inactividade por razón de coidados no entorno familiar é a situación dun 4,8% das mulleres que non traballan, fronte ao 0,6% dos homes.



Entre 2009 e 2016, segundo a CIG, o uso da xornada parcial pasou do 18% ao 22% nas mulleres ocupadas, mentres que nos homes o fixo dende un 4,6% ao 6,1%.

O tipo de emprego está directamente relacionado coa fenda salarial, pois as mulleres son maioritarias no sector servizos, que é o máis precarizado: 9 de cada dez asalariadas galegas pertencen ao sector servizos.

A combinación de emprego a tempo parcial e presenza nos empregos con menor salario fai que as mulleres galegas ocupen os decís de emprego máis baixos (no decil 1 dos salarios, o 10% de persoas asalariadas que menos cobran, o 80% son mulleres), así como que un 36,3% das asalariadas galegas perciba salarios iguais ou menores que o SMI, fronte a un 26,6% dos homes. Segundo un estudo da CIG, na actualidade hai menos asalariadas que en 2009 en todos os tramos de ingresos, salvo nos máis baixos.

Salarios máis baixos durante toda a vida motiva que as pensións de xubilación sexan máis baixas nas mulleres. Segundo o estudo da UGT “Análise das Pensións dende a perspectiva de xénero”, a nivel estatal as mulleres representan o 48,17% das persoas que perciben unha pensión contributiva, e soportan unha fenda do 37,35% na contía medida das súas pensións. No Estado, nas pensións por Incapacidade Permanente, a fenda de xénero é do 17,33%, e nas pensións de xubilación chega ao 37,04%. En Galiza, a brecha de xénero nas pensións de xubilación é do 37,89%. As mulleres galegas son as que perciben as pensións máis baixas do Estado, mentres que a pensión dos homes é a quinta máis baixa do Estado. As mulleres xubiladas perciben de media 452,11 euros mensuais menos que os homes o que, multiplicado por 14 pagas, supoñen 6.329,54 euros anuais. Ademais, as mulleres triplican aos homes entre quen percibe pensións inferiores aos 500 euros.



A causa profunda desta situación é o machismo, a persistencia dun sistema patriarcal que asigna á muller o rol de coidadora e encargada da esfera do fogar, cuestión vinculada a unha mistificación da maternidade, e darlle ao home o rol dominante e protagonista da esfera pública.

A maternidade sigue sendo obxecto de penalización para as mulleres no eido laboral, comezando a aumentar significativamente a fenda salarial nos tramos de idade entre os 26 aos 45 anos, en coincidencia coa etapa na que a maioría das mulleres galegas que decide ter descendencia accede á maternidade. A fenda agrándase a partir dos 45 anos.

En canto á discriminación salarial polo mesmo traballo, esta non é directa –é dicir, unha muller non ten un soldo base menor que o dun home na mesma categoría e funcións-, senón que se dá nos complementos salariais e nas horas extraordinarias. Segundo a UGT, a fenda das horas extraordinarias sitúase no 78,88%, no 30,44% nos complementos salariais e no 36% nas pagas extraordinarias. Unha das dificultades para abordar estas cuestións é a opacidade da política salarial das empresas.

A discriminación de xénero é indiferente do nivel formativo, experiencia profesional e sector: é unha discriminación que afecta estruturalmente a todos os sectores, idades e categorías profesionais.

Deste xeito, persiste unha desigual presenza de mulleres nos Consellos de Administración das empresas, sen que a Administración esixa o cumprimento das disposicións normativas ao respecto. Segundo o Informe de Deloitte, 'Mujeres en la sala del consejo de administración, una perspectiva global', as mulleres ocupan só o 16% dos postos dos Consellos de Administración das empresas españolas. En Galiza, só o 3,4% da poboación ocupada feminina desempeña postos de dirección ou xerencia, fronte ao 6,4% no caso dos homes. Ademais, a fenda salarial acentúase nos niveis salariais máis altos.



En canto aos sectores máis feminizados, que son os máis precarizados, a crise e os recortes agravaron a súa situación.

No sector do traballo no fogar, maioritariamente desempregado por mulleres (83%) e moi precarizado, o salario é, de media, un 60% inferior ao do resto dos e das asalariadas e ten unha taxa de temporalidade de máis do 50%, ademais de padecer outras discriminacións no dereito a desemprego, baixas remuneradas, etc.

As mulleres son quen máis padecen situacións de dependencia, e tamén quen máis exercen de coidadoras de dependentes (+80%). O sector das (fundamentalmente mulleres) traballadoras no fogar e coidadoras está altamente precarizado e en situación irregular. Ter retirado o pago por parte do Estado das cotas da Seguridade Social das persoas coidadoras non profesionais supuxo, para o noso País, que moitas persoas (fundamentalmente mulleres e maiores de 55 anos) sigan a desempeñar o mesmo traballo de coidadoras de xeito informal, pero sen cotizar á SS: menos de 1000 persoas galegas adicadas a coidar de familiares están afiliadas á SS, o que representa un 7% do total.

No emprego público, as mulleres son maioría nos centros de traballo de Política Social, que teñen unha alta incidencia de sinistralidade laboral por sobreexorzo e que sofren a conxelación dos seus dereitos laborais, por causa do mantemento en vigor da Lei 1/2012.

O sector téxtil galego, moi feminizado, afrontou estes anos ERES e peches e os convenios colectivos no sector permanecen estancados por debaixo dos 1000 €.



O sector de teleservizos, feminizado e precarizado, sufriu ERES e deslocalizacións.

Na sesión plenaria do 28 de decembro de 2016, a proposta de En Marea, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade instar á Xunta a abrir unha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020.

Preguntada a Xunta sobre o estado de execución de dito acordo, responde que “continúan os traballos entre os interlocutores sociais no seo do CGRL para a posta en práctica do acordo”. No entanto, coñecidos os datos da EPA correspondentes ao cuarto trimestre de 2017, a situación do mercado laboral é aínda máis grave que no 2016, pois estáncase a creación de emprego no ano 2017, consolidándose no país a temporalidade e os baixos salarios. Un dos sectores onde máis emprego se destruíu en Galiza nos tres últimos meses de 2017 foi o sector servizos, o máis feminizado. Así, no último trimestre de 2017 destruíronse 4000 empregos femininos en Galiza e a poboación activa feminina reduciuse en 9000 efectivos.

O panorama laboral feminino en Galiza esixe que a Xunta exerza con decisión as súas competencias en materia de promoción da igualdade no eido laboral.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que antes de 2020 se acometan os seguintes obxectivos, de cara a rematar coa fenda salarial de xénero existente no noso país:

1. Realizar unha modificación orzamentaria para aumentar os Orzamentos do Consello Galego de Relacións Laborais para posibilitar que, a través da súa Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Homes e Mulleres na Negociación Colectiva, se poña en marcha antes do remate de 2018, o acordo adoptado polo Parlamento de Galicia na sesión do 28 de decembro de 2016, relativo a abrir unha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020
2. Realizar unha modificación orzamentaria para aumentar os Orzamentos do Consello Galego de Relacións Laborais para posibilitar a actualización do último estudo sobre a *Situación sociolaboral da muller en Galicia*, editado en 2007.
3. Impulsar con maior apoio técnico á instauración de Plans de Igualdade nas empresas.
4. Impulsar un plan específico de emprego feminino, con especial incidencia na industria, no sector do téxtil, no medio rural e no sector marítimo pesqueiro.
5. Intensificar a colaboración do Consello Galego de Relacións Laborais coa Delegación Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social na loita contra o mobbing maternal e no avance na igualdade efectiva no traballo.
6. Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade dun plan específico de inspección laboral no sector do traballo no fogar.



7. Trasladar ao Goberno do Estado que se recuperen as cotizacións e prestacións económicas ás persoas cuidadoras no fogar establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
8. Aumentar o persoal nos centros de traballo da Consellería de Política Social, incluído o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
9. Dar cumprimento ao Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
10. Trasladar, novamente, ao Goberno do Estado a necesidade de impulsar o acordo unánime do Parlamento de Galicia na sesión do 28 de decembro de 2016 a prol dunha Lei de Igualdade retributiva entre homes e mulleres.
11. Dirixirse ao Goberno do Estado para que se derogue a Lei 35/2010, de 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo e o RD Lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/02/2018 18:23:40

Luis Villares Naveira na data 14/02/2018 18:23:49

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O noso rural afronta unha crise profunda ante a que é preciso tomar medidas. A situación na que se atopan as mulleres é especialmente preocupante xa que as desigualdades véñse agravadas polo condicionante do xénero.

Unha das situacións que debe solventarse é a cuestión da Titularidade das explotacións. O 5 de xaneiro do ano 2012 entraba en vigor a Lei de Titularidade Compartida das Explotacións, Lei 35/2011, para dar unha solución á flagrante desigualdade que padecen milleiros de labregas que non son titulares da explotación na que traballan.

Ese ano, calculábase que habería no noso País arredor de 35.000 mulleres nesta situación. Pero dende aquela, só se deron de alta como titulares de explotación en Galicia, acolléndose a esta Lei, 17 mulleres. Polo que queda de manifesto que falta desenvolvemento e aplicación desta normativa.

Isto pon sobre a mesa que é necesario divulgar máis as opcións que teñen as labregas e tamén formar especificamente a funcionarios e funcionarias para que asesoren e acompañen nos trámites as persoas interesadas.

Ademais, as mulleres, en demasiadas ocasións realizan un dobre traballo, un deles, o dos fogares, invisibilizado e infravalorado, económica e socialmente. Co



pretexto da crise económica moitos servizos que facilitaban os coidados desapareceron ou reduciron as súas prestacións, facendo especialmente difícil o acceso a este tipo de servizos nas zonas rurais.

Para erradicar as desigualdades compre facer, en primeiro lugar, unha boa diagnose da situación para por en marcha todas as medias necesarias para remedialas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1 Que inste ao Goberno central para que impulse a reforma da Lei de Titularidade Compartida en coherencia coa reforma do sistema especial agrario da seguridade social de maneira que a cotización das mulleres cotitulares, ademais de contar coas bonificacións oportunas, sexan acordes co nivel de renda das explotacións agrarias de maneira que se supriman as barreiras que puideran existir por esta razón.
2. Que inste ao Goberno central para que impulse a reforma da Lei de Titularidade Compartida en coherencia coa reforma do sistema especial agrario da seguridade social para que as cotizacións das mulleres cotitulares das explotacións agrarias computen de maneira adecuada a efectos de xubilación.
3. Que inste ao Goberno central para que poña en marcha as modificacións legislativas necesarias para que todas as explotacións agrarias que teñan un só cónxuxe como titular pasen a ter titularidade compartida de oficio.
4. Realizar un Plan de accións que melloren a aplicación da Lei 35/2011 de Titularidade Compartida das Explotacións, que se inicie no ano 2018 e que contemple cando menos:

a) Levar a cabo unha campaña de difusión ampla da Lei e das opcións que teñen as labregas.

b). Facer un estudo para avaliar as causas que poden estar provocando o fracaso da aplicación de dita lei.

c) Por en marcha un programa de formación específico para funcionarios e funcionarias para asesorar e acompañar nos trámites da titularidade compartida ás persoas interesadas.

5. Realizar un estudo para avaliar o reparto dos tempos de traballo nas zonas rurais de Galicia entre homes e mulleres, así como para analizar as dificultades no acceso os servizos públicos relacionados co traballo de coidados que se produce nestas zonas. Incluindo como mínimo nesa avaliación o acceso aos centros de día e ás garderías públicas de 0-3 anos, co fin de elaborar despois un Plan de actuacións para dotar de forma suficiente as comarcas rurais galegas.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 15/02/2018 11:18:41

David Rodríguez Estévez na data 15/02/2018 11:18:48

Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 11:19:31

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa a igualdade na cultura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco do Dereito Internacional dos Dereitos Humanos, a discriminación contra a muller definiuse con claridade en todas as esferas, incluída a cultural. Ao ratificar os tratados, os gobernos contraen a obriga de protexer e facer realidade todos os dereitos. A discriminación das mulleres ha de verse, xa que logo, como unha violación do Dereito Internacional dos Dereitos Humanos.

A loita pola igualdade das mulleres, en canto á súa visibilidade creativa e condicións de traballo na nosa cultura, nunca gozou dunha atención oficial e unha regulación sistemática e coherente, malia o seu recoñecemento na doutrina internacional, na propia Constitución española e na Lexislación Galega, por riba da súa transcendencia para unha reconstrución da imaxe completa do mundo.

Os desequilibrios estruturais que postergan o rol feminino nas empresas e as actividades da cultura son un grave sinal de alarma para o futuro da sociedade. Malia todo, as mulleres amosan capacidade de mobilización e asociación en defensa dos seus valores, e en reivindicación das súas esixencias esenciais.

De aí a necesidade imperiosa e urxente de deseñar e cumprir políticas públicas de xénero en todas as fases da cadea de valor. «... e non só porque exista unha lexislación vixente de obrigado cumprimento, senón porque é o socialmente



xusto, o economicamente eficiente, o emocionalmente intelixente e porque só dese xeito se alcanzaría a plena cidadanía cultural das mulleres» (T. Moreno).

É imprescindible coñecer para actuar, facer avaliacións e investigacións periódicas. É necesaria a elaboración e difusión de estatísticas culturais e da sociedade da información desagregadas por xénero (formación, creación, emprego, oferta, consumo). Informes anuais de avaliación de impacto dos programas de igualdade na cultura (creación, acceso).

Aisge e a Unión de Actores e Actrices presentaron un informe sobre a desigualdade das mulleres no mercado audiovisual español. A discriminación aumenta coa idade das actrices. Nas maiores de corenta anos, a porcentaxe de aparición cae ata o 19%. Tamén ocorre coas series, se unha muller ten de 35 a 44 anos a súa representación redúcese ata o 29%.

O problema aparece ata naquelas producións aparentemente igualitarias. É o caso, por exemplo, de “Cara a cara”, unha serie ambientada nunha prisión feminina onde, malia iso, a relevancia masculina dalgúns episodios alcanza case o 50%. Tamén ocorre con traballos cómicos como “Oito apelidos vascos”, que só conta cun 26% de actrices.

"Sempre habemos ter en conta este déficit da muller na cultura", sostén Anahí Beholi, Secretaria de Comunicación da Unión de Actores e Actrices. Tamén destaca a súa importancia Iñaki Guevara, o Director Xeral de AISGE, quen recalcou a necesidade de estudos para fomentar a concienciación na industria do cine e para "que todos coñezan a desigualdade que vivimos".

Tamén consultamos o Informe Anual de CIMA , elaborado por Sara Cuenca, presentado o 7 novembro de 2017. Nel constatamos que as mulleres representan soamente o 26% en cargos de responsabilidade no cine. CIMA naceu para actuar sobre esta situación traballando en dous eixes fundamentais:



* Equilibrar a presenza e participación de mulleres en postos profesionais na industria audiovisual no noso país.

* Suscitar unha reflexión rigorosa e contribuír á mellora do contido de propostas audiovisuais co obxecto de reducir a perpetuación de estereotipos sexistas.

Aportan algúns datos significativos no cine con respecto á presenza das mulleres:

Na Dirección 8%; Producción 21%; Guións 15%. Presidencia, Conselleiras delegadas ou Dirección Xeral) 5,71%. Nos comités seleccionadores de películas 12%. Nas películas 80% das persoas que traballan son homes.

En conclusión: Os indicadores de desigualdade no cine son moi significativos, podéndose afirmar que os personaxes femininos non só presentan un menor número con respecto aos papeis masculinos, senón que tamén son menos relevantes nas tramas argumentais.

Os personaxes femininos apenas representan unha media do 38% do número total de interpretacións actorais das longametraxes exhibidas durante os últimos tres anos.

Os resultados do estudo mostran que necesaria é na actualidade a adopción de medidas e iniciativas de distinta índole que faciliten na ficción audiovisual unha mellor redistribución do reparto de personaxes entre actores e actrices, ou o que é o mesmo, contribúan a garantir unha maior visibilidade da muller na nosa sociedade.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Aplicar e cumprir a Lei de Igualdade.
2. Favorecer a presenza ampla da cultura nos Plans Estratéxicos de Igualdade de Oportunidades, con memoria económica e dotacións efectivas, en articulación estreita coas asociacións e Observatorios de mulleres nese ámbito.
3. Desenvolver o Plan de Igualdade para o audiovisual na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con dotación orzamentarias efectiva e real.
4. Aplicar a igualdade no ámbito cultural: «facer visible o invisible».
5. Establecer a paridade obrigada nos xurados dos Premios de Cultura e nos padroados de museos e centros de arte públicos: comisións paritarias especialmente na elección de cargos directivos (códigos de boas prácticas).
6. Xerar políticas positivas e activas específicas para o apoio á creación, produción artística e intelectual de autoría feminina.
7. Esixir o compromiso dos medios de servizo público coa difusión, visibilidade e promoción das obras culturais realizadas por mulleres.
8. Coñecer para actuar: avaliar e investigar periodicamente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Paula Quinteiro Araújo
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/02/2018 10:17:35

Luca Chao Pérez na data 15/02/2018 10:17:41

Paula Quinteiro Araújo na data 15/02/2018 10:24:38

Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 10:24:45

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Concepción Burgo López** e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

No 2001 o goberno do presidente Fraga presentaba a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico integrado por catro grandes infraestruturas: San Cibrao de Lás, parque da cultura castrexa, Campo Lameiro da arte rupestre, parque do megalitismo na Costa da Morte e o Museo da Romanización de Galicia en Lugo, dado que esta cidade é o referente máis importante da cultura galaico romana.

Foi o goberno presidido por Touriño o que impulsou ese proxecto do Museo da Romanización decidindo que se radicase no cuartel de San Fernando, onde por diversas circunstancias non se puido construír o auditorio da cidade. En 2008 firmouse un protocolo entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo polo que este último cedía á Xunta de Galicia o cuartel, que mercara por 2,4 millóns de euros, e a Xunta comprometíase a realizar en el o dito museo.

O presidente Feijoo prometeu en múltiples ocasións seguir co proxecto previsto do Museo da Romanización, que ademais foi ratificado polo Parlamento ao aprobar por unanimidade o 22 de maio unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista que instaba a realizar este museo da romanización no cuartel de San Fernando, declarado BIC en 2009.

De feito a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, convocou un concurso de ideas que adxudicou en agosto de 2010 para rehabilitar o cuartel de San Fernando co fin de convertelo nun museo, rematándose dous anos máis tarde o proxecto básico e de execución e investindo uns 400.000 euros, segundo os cálculos da

Grupo Parlamentario

Consellería nestas acción e actividades arqueolóxicas dentro do edificio. Pero, a partir de 2012, a Xunta de Galicia non fixo nada máis para impulsar este proxecto, aínda que, tanto en respostas parlamentarias como en declaracións aos medios de comunicación, o presidente Feijoo e os sucesivos conselleiros de cultura manifestaron que mantiñan o proxecto que só sufría un atraso debido á situación económica.

Esta era a situación sobre este museo ata que se produciron as “pintorescas” declaracións do delegado da Xunta de Galicia en Lugo que afirmou que non se faría o museo da Romanización porque en “Lugo había xa moitos museos”. Non podemos nin queremos imaxinar que sería da realidade cultural de Madrid, Barcelona, Mérida ou Braga, por poñer uns exemplos, de seguir este curioso pensamento, por iso tampouco podemos aceptar que a política cultural da Xunta de Galicia para coa cidade de Lugo se basee nesta falta de seriedade e descoñecemento, ademais de que o Sr. delegado non nos informou de que número de museos nos corresponden aos lucenses ou en que criterios se basea.

En todo caso, deixando a un lado todas as reaccións de asombro e incredulidade manifestados por moitos e moi distintos colectivos lucenses ante estas “pintorescas” declaracións, hai que recordar que Lugo só ten dous museos, o Provincial e o Diocesano, non hai infraestruturas en Lugo suficientes para gardar, catalogar, protexer e divulgar todos os achados arqueolóxicos e o Museo da Romanización proxectado non é unha infraestrutura para Lugo senón para toda Galicia, ademais de ser unha promesa continua e reiterada do presidente Feijoo para Lugo.

Por outra parte hai practicamente unanimidade política (o PP votou a favor da creación dun museo no cuartel de San Fernando), social e entre os colectivos culturais de que Galicia necesita un Museo da romanización que permita coñecer o noso pasado romano que sexa tamén un centro de investigación de primeira orde, e que o único lugar onde pode estar este Museo é en Lugo.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir o compromiso adquirido formalmente coa cidade de Lugo no ano 2001 e comezar a crear o Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando para impulsar o coñecemento, a preservación a investigación e a divulgación do noso pasado romano.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/02/2018 13:09:55

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 15/02/2018 13:10:21

Maria de la Concepción Burgo López na data 15/02/2018 13:10:09



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26245
Data envío: 15/02/2018 13:21:14.071

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de atender as reclamacións d@s profesionais dos PACs.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada PAC do Servizo Galego de Saúde, están a denunciar que as condición de traballo empeoraron nos últimos anos tanto en recursos humanos e materiais como en retribucións e presión asistencial, de xeito especial dende a creación das Estruturas Organizativas de Xestión Integradas EOXIS. Denuncian que a súa situación laboral está sendo insostíbel e polo tanto a repercusión asistencial. Os acordos asinados co Sergas no ano 2008 non se cumpriron e menos foron revisados nin actualizados, negándose o Sergas a convocar a comisión de seguimento do acordo para actualizalo en beneficio d@s profesionais.

Faise polo tanto imprescindible que por parte da Consellaría de Sanidade, do Sergas, se lle dea solución a esta situación. Este colectivo de profesionais ten unha táboa reivindicativa que consideramos xusta e debe ser asumida por parte do Sergas, por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei que reproduce a mesma para o seu tratamento en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26245
Data envío: 15/02/2018 13:21:14.071

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a atender as demandas d@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada PAC do Servizo Galego de Saúde que solicitan:

- Equipos completos médic@/enfermeir@ en todos os PACs. A atención a emerxencias sen persoal adecuado no é aceptábel nun país desenvolvido; e a responsabilidade desta asistencia de baixa calidade é da mala planificación por parte das EOXI
- Respecto aos tempos de traballo do persoal conforme a directivas europeas, que están para garantir unha atención eficiente por persoal descansado en beneficio d@s doentes. Isto debe ser independente de ter un contrato fixo ou traballo fraccionado, o fraccionamento de contratos non pode empregarse para non cumprir cos descansos.
- Calquera avaliación de “derivación hospitalaria” debe ser eliminada das listas de obxectivos, xa que as derivacións non son opcionais, seguen criterios médicos. Os ADX deben adecuarse ao traballo no PAC.
- A existencia de criterios obxectivos para a dotación de persoal nos PACs en base á carga asistencial, dispersión, distribución, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061 para garantir o dereito a asistencia.
- O pago do 100% dos complementos de nocturnidade e festividade dende este momento e con carácter retroactivo dende o 2010.
- Que non se aumente a xornada laboral efectiva das 1451 horas actuais, calquer exceso de xornada debe ser voluntaria, incentivada e por tramos; empeorar as condicións laborais aumentarán as fugas de persoa a outras áreas e servizos e empeorará a asistencia.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26245
Data envío: 15/02/2018 13:21:14.071

- Cómputo axeitado de Incapacidades Temporais e permisos retribuídos
- As asistencias a calquera reunión convocada dende as xerencias deben ser contabilizadas coma xornada laboral.
- As dietas dos domingos e festivos deben ser aboadas polo xantar e pola cea.
- Elaboración dos calendarios de quendas dando prioridade ao persoal propio de PAC, ocupando o persoal voluntario os ocos.
- A dotación de Equipos de Protección Individual a todo o persoal que traballa nos PAC s, inda que sexan persoal en formación ou ocasional. Debe existir un circuíto de limpeza que evite ter que levar a roupa a lavar ao domicilio persoal.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26245
Data envío: 15/02/2018 13:21:14.071

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 13:05:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 13:05:42

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 13:05:44

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 13:05:50

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 13:05:51

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 13:05:56



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A 6 km da Catedral de Santiago de Compostela, a cabalo entre as parroquias de Grixoa e Fecha, atópase o “Complexo Ambiental Miramontes”, situado na antiga canteira de extracción de áridos de Miramontes (UTM: X: 534.960, Y: 4.754.778).

Ao amparo do Plan de restauración do Espazo Natural Canteira de Miramontes, o “Complexo Ambiental Miramontes“ desenvolve no espazo da canteira dúas actividades de xestión e valorización de residuos que teñen como fin a restauración deste Espazo Natural. Por un lado, a UTE EYREGA (constituída polas empresas SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L., GESTAN MEDIOAMBIENTAL S.L. e ULLATRANS TRANSPORTE Y LOGISTICA SL) xestiona un vertedoiro de residuos industriais “non perigosos” aproveitando o oco da explotación de cuarzo e, por outro lado, a firma TECNOSOLOS GALAICOS S.L., encargada da recuperación da cuberta vexetal de todo o espazo afectado pola explotación de áridos, mediante a elaboración e aplicación de tecnosolos derivados de residuos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:38
Nº Rexistro: 26253
Data envío: 15/02/2018 13:38:14.188

Desde a Plataforma de Afectados por este vertedoiro véñense observando e denunciando múltiples incumprimentos e irregularidades por parte das empresas xestoras do vertedoiro e da pranta de tecnosolos. Algúns son apreciábles a simple vista como a súa desafortunada localización nunha orografía elevada, cercano en demasía a núcleos de poboación, escasa protección perimetral... Outras irregularidades teñen a ver coa contaminación orixinada polas actividades do Complexo Ambiental e á escasa investigación relativa ós controis garantistas dos niveis de contaminación e da boa praxe das empresas que operan no mesmo.

Ata o día de hoxe non se realizaron estudos analíticos profundos nin calicatas ó vaso do vertedoiro, porén xa se teñen realizados estudos e calicatas ó material elaborado pola planta de tecnosolos.

Un total de 20 probas realizadas por organismos competentes da Xunta de Galicia e do Concello demostraron que o material elaborado pola empresa de tecnosolos non pode ser catalogado como tecnosolos, senón que continúan a ser residuos, pois, a mala elaboración dos mesmos dexenerou nunha estrutura anómala con contidos en substancias perigosas superiores ós límites legais permitidos.

As 20 mostras de “tecnosolos”, das cales 17 xa estaban aplicadas sobre o terreo, superaban amplamente niveis xenéricos de referencia para a protección da saúde humana e para os ecosistemas. De feito, as 17 mostras de “tecnosolos” aplicados sobre o solo superan os límites permitidos en metais pesados e hidrocarburos, polo que nas propias actas de inspección os técnicos refírense a estes como “material procedente de residuos” en vez de empregar o termo “tecnosolos”.

Os incumprimentos conseguen ir máis lonxe e rozar o absurdo. A día de hoxe, segundo informacións subministradas pola Xunta de Galicia nas súas inspeccións, non



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se pode saber con certeza o tipo de residuos que se atopan nas diferentes capas do vaso do vertedoiro.

Ademais, nas actas de inspección reflíctese que neste vertedoiro de residuos industriais non perigosos, está entrando unha gran cantidade de residuos domésticos, cunha gran carga de humidade e carbono orgánico disolto, o que xerará unha maior cantidade de gases nun futuro, constituíndo unha fonte de problemas para a poboación que habita máis preto do vertedoiro. Estamos a falar de vivendas a menos de 400 metros do vertedoiro, e varias aldeas a menos de 1 quilómetro.

Hai máis de 140 denuncias rexistradas dos veciños e veciñas das parroquias colindantes que se atopan nun radio de menos de 3 quilómetros do vertedoiro. Este feito constatado, incluso por autoridades públicas como a Policía Autonómica entre outros, pon de manifesto a preocupación fundada polos posibles efectos prexudiciais dos gases xerados, ao tempo que xeran unha situación de inhabilitabilidade insostible e inxusta para as persoas afectadas.

Denunciamos así mesmo os incumprimentos demostrados, reiterados e abusivos realizados polas empresas que operan no Complexo Ambiental Miramontes e que demostraron en numerosas ocasións a nula intención de subsana-las irregularidades incluso cando organismos oficiais da Xunta de Galicia lles notificaron prazo (xa finalizado) de seis meses para facelo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pechar de inmediato e definitivamente a planta de TECNOSOLOS GALAICOS S.L.,

- Recolle-lo material elaborado e o xa acumulado e pendente de elaboración, por medio dun xestor autorizado.

- Rexeitar a ofertar ou concesión dunha nova autorización a ningunha outra empresa dedicada a tales actividades, pola escasa distancia aos núcleos de poboación, así como polos grandes riscos que presenta a orografía no tocante a contaminación do dominio público hidráulico (Tambre) e a posibilidade de infectar a cadea trófica.

- Levar a cabo un control exhaustivo dos residuos que entran no vaso do vertedoiro, así como efectuar calicatas dentro do mesmo que verifiquen os diferentes residuos que o longo de estes últimos anos se estiveron depositando e a valoración dos riscos que estes poden ter para a saúde humana e os ecosistemas.

- Recupera-lo espazo da canteira de xeito responsable, e honesto axustándose na medida do posible á idea orixinal de enche-los ocos que faltan con restos da extracción mineira e empregando un recubrimento de terra vexetal.”

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:38
Nº Rexistro: 26253
Data envío: 15/02/2018 13:38:14.188

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 13:36:51

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 13:36:56

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 13:36:57

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 13:36:58

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 13:37:00

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 13:37:01

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao acollemento das persoas refuxiadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado Español acollería a 17.337 persoas. Esgotado o prazo comprobouse o gran fracaso deste plan ante o desinterese dos estados membros por cumprir as cifras pactadas.



Ao tempo, a duración dos programas de acollida de 18 meses é claramente insuficiente para atender ás persoas que finalmente chegaron ao noso país. Así, aparecen novas preocupantes de familias refuxiadas a piques de ser desafiuzadas. Tendo en conta o anterior, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar antes de que remate o ano en curso un informe completo acerca da implementación do Plan de Acollida que inclúa, cando menos, número de solicitantes, número de beneficiarios, concellos de acollida, prazos de resolución de solicitudes e recursos orzamentarios utilizados en dito plan.
2. Elaborar un plan que permita activar aloxamento público para as persoas refuxiadas
3. Desenvolver un programa de emprego específico para as persoas refuxiadas de xeito que se facilite a súa inserción laboral

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 15/02/2018 13:38:56

Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 13:39:04



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á efectivización de medidas sobre a endometriose.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A endometriose é unha doenza crónica que se caracteriza polo crecemento do tecido do endometrio fóra da súa localización habitual, a mesma afecta en Galiza a unhas 60.000 mulleres.

O descoñecemento sobre esta doenza segue a ser alto, entre as propias mulleres, mais tamén entre moit@s profesionais da sanidade, por esta razón a asociación “querENDO” trasladounos aos grupos con representación no Parlamento galego unha iniciativa en demanda de medidas tanto para abordar a enfermidade como para a súa visibilización e coñecemento. Deste xeito a comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrado o 22 de abril de 2015 aprobou por unanimidade a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia e, en particular, a Consellería de Sanidade, a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Difundir a Guía de coidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden a estas mulleres (persoal de xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría, matronas e matrones...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.
2. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.
3. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinarias nos hospitais públicos de Galicia.
4. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.
5. Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.
6. Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose”.

Tendo transcorrido case tres anos desde a aprobación da iniciativa, os avances na posta en marcha das medidas contempladas na mesma son moi escasas, por esa razón



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:46
Nº Rexistro: 26264
Data envío: 15/02/2018 13:46:25.209

o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer de inmediato en marcha todas as actuacións referidas á endometriose acordadas na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na súa sesión do 22 de abril de 2015.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 13:39:15

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 13:39:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:46
Nº Rexistro: 26264

Data envío: 15/02/2018 13:46:25.209

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 13:39:22

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 13:39:23

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 13:39:24

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 13:39:25

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre as obrigas da Lei de transparencia e bo goberno, Lei 1/2016, en canto a duración da información pública dos contratos menores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de xaneiro de 2016, a Xunta de Galicia aprobou unha nova lei de transparencia que se coñece como Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno. Esta lei substitúe, á promovida desde o goberno bipartito do Bloque e PSOE, a Lei 4/2006.

Entre o articulado da lei, lese: “Esa lei establece as obrigas de difusión de determinada información pública a través de internet, concretando un catálogo mínimo de datos que ofrecer. Por outra banda, regula o dereito da cidadanía a solicitar do Goberno calquera outra información pública que xulgue oportuna, concretando os límites dese dereito e establecendo a posibilidade, en todo caso, de recurso contra as resolucións denegatorias emitidas polas administracións.”

Dentro dos seus principios reitores atópase o seguinte: “Principio de accesibilidade universal da información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade, da forma máis autónoma e natural posible.”.

Pois ben, na Administración pública á hora de levar a cabo contratacións, xorde unha diferenciación en canto a modalidades ou tipos de contratación. Uns son os coñecidos por contratos menores e outros son os que se lles esixen



procedementos máis complexos. Os contratos menores tamén requiren dunha tramitación administrativa, pero non é necesario elevar a concurso público, como noutras modalidades de contratación.

O que está a ocorrer no portal de transparencia da Xunta de Galicia é que estes contratos menores non permanecen o suficientemente expostos, son practicamente borrados unha semana despois da súa publicación, o que impide que a súa información poida ser considerada totalmente pública.

Ante esta situación, a resposta que da a Xunta é que o volume de información é tal que por razóns técnicas impiden poder conservar na web todos estes datos.

Pero, concretamente, que tipo de servizo pode considerarse afectados por contratos menores? Por exemplo, moitos das subministracións contratadas para os centros públicos, como son os que corresponde ao material sanitario ou ao consumible, entre outros.

Con todo, atopámonos co dato curioso de que estes contratos menores presentan unha contía que chama poderosamente a atención, debido a que ao longo do 2016, os contratos menores supuxeron un total de 868.960.251,3 (oitocentos sesenta e oito millóns de euros) superando aos contratos negociados, que foron de 148.921.460,4 euros.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- a) Publicar os contratos menores no portal de transparencia da Xunta, como mínimo durante 3 meses, tal e como se recolle para outros contratos, segundo o establecido no artigo 63.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que entra en vigor no mes de marzo.



- b) Incluír a pertinencia de que a información publicada sexa a seguinte:
obxecto, duración, o importe de adxudicación, con inclusión do IVE e a
identidade da adxudicataria..

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luis Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 15/02/2018 15:55:48

Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 15:55:52



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo na defensa da igualdade en diferentes ámbitos, tamén no laboral, teñen contribuído a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un obxectivo aínda lonxe de conquistar e o grao de cumprimento e desenvolvemento dos marcos legislativos se teñen amosado aínda como insuficientes.

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais a partir das reformas laborais de PP e PSOE teñen contribuído a profundar na desigualdade e a que as súas consecuencias recaian de forma máis intensa sobre as mulleres. Deste xeito, malia o momento económico de superación do ciclo de recesión, na actualidade somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. Esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades repercute



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:08
Nº Rexistro: 26274
Data envío: 15/02/2018 17:08:17.562

negativamente sobre quen agora recibimos a sobrecarga derivada da redución do apoio público ás necesidades de coidados coa desculpa da crise económica.

No último trimestre dispoñíbel, o cuarto do 2017, a taxa de actividade das mulleres galegas está 8,7 puntos por baixo da dos homes. Ademais, esta taxa é 4,5 puntos menor á do conxunto do estado. Doutra banda, a taxa de paro das mulleres é maior que a dos homes, ademais, dende que goberna Feijóo, a taxa incrementouse en case 5 puntos, o que supón un incremento do 42%. Así mesmo, nas persoas menores de 25 anos, a taxa dos homes é actualmente maior á das mulleres, a pesares de que a taxa das mulleres incrementouse en máis dun 25% dende que goberna Feijóo.

Pasaron xa máis de dez anos da aprobación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e da lei estatal 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Porén, a vixencia da situación de desigualdade así como as mudanzas e avances colectivos no recoñecemento e visibilización das múltiples formas de violencia contras as mulleres obrigan a avaliarmos o cumprimento e eficacia deste marco, que a todas luces está a ser insuficiente como demostran os baixos índices de inspección así como o baixo cumprimento de cuestións como o referido aos Plans de Igualdade nas empresas.

Así mesmo, desde Galiza non só sufrimos a falta de interese por parte do goberno central para legislar a prol da igualdade efectiva no ámbito de traballo, senón que a absorción por parte da administración estatal do groso das competencias en materia de emprego limita a nosa capacidade de actuación e é unha mostra máis do lesivo que é para a clase traballadora galega a ausencia dun marco de relacións laborais propio así como a falta de vontade do goberno galego de exprimer ao máximo o noso marco competencial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, cómpre lembrar que segundo o último informe publicado polo persoal técnico de Facenda (Gestha), baixo o título 'Fenda salarial e teito de vidro', a desigualdade entre as mulleres traballadoras e os homes está situada no 28,7% --sendo a media estatal do 29,1. É dicir, a fenda nos salarios supón 4.745 euros menos ao ano para elas como resultado dunha maior temporalidade, parcialidade e precariedade laboral alén das consecuencias derivadas do mantemento e reprodución do rol patriarcal e machista que impón ás mulleres a asunción do coidado das crianzas e persoas dependentes.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno español a introdución na lexislación, no prazo máximo de tres meses, de sancións económicas para aquelas empresas que non garantan a equidade salarial entre mulleres e homes e que incumpran as directrices da lexislación en materia de igualdade.

2. Instar á Xunta de Galiza a crear, no prazo de dous meses, un organismo público para a defensa diante das situacións de discriminación laboral por razón de sexo así como para a promoción e vixilancia do cumprimento da lexislación en materia de igualdade que aglutine cando menos as seguintes funcións:

- Asesorar e defender os dereitos das mulleres no ámbito do traballo.
- Mediación na resolución de conflitos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Recibir a remisión por parte das empresas, de acordo coas recomendacións da Comisión Europea en 2014, información sobre as táboas salariais do cadro de persoal por xénero, incluíndo salario total e complementos desagregados, co obxectivo de que esta información tamén poida ser utilizada polas traballadoras para denunciar xudicialmente a discriminación.

- Facer seguimento dos Plans de Igualdade no proceso de redacción, execución e avaliación; asesoramento e defensa dos dereitos das mulleres no traballo.

- Elaborar e remitir ao Parlamento Galego un informe anual sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

- Colaborar co Parlamento galego e os axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:08
Nº Rexistro: 26274
Data envío: 15/02/2018 17:08:17.562

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 17:06:24

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 17:06:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 17:06:33

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 17:06:34

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 17:06:35

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 17:06:43

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os policía e gardas civís por todo o Estado e en Galicia emprenden este mes unha campaña de mobilizacións para reclamar que se remate cunha discriminación histórica que veñen sufrindo policía e gardas civís dende fai moitos anos en relación as policía autonómicas. Dignificar as retribucións das nosas FCSE e apostar pola dignidade laboral en todos os eidos e sectores, para o grupo de En Marea é unha cuestión de xustiza social.

Neste caso, trátase de rematar ca fenda salarial existente entre policía estatais e policía autonómicas: a mesmo traballo, mesmo salario. Actualmente estamos falando dunhas diferenzas entre territorios e administracións absolutamente indefendibles, sexa a parte do sector público que sexa. Falamos de diferenzas salariais entre axentes nalgunhas administracións autonómicas de 600 e 900 euros máis que os axentes estatais galegos que exercen o seu traballo en Galicia, ou fóra de Galicia.

As policía galegas foron enganadas durante moitos anos xa, por gobernos de todas as corres. A nivel estatal, incluían no seu programa electoral unha equiparación que nunca se cumpriu. Durante estes últimos anos utilizouse como escusa a crise, pero antes da crise, cando no Estado había recursos, ningún goberno se lembrou deles.



En Marea sempre se vai poñer do lado dos traballadores e traballadoras e, por iso, imos defender sempre os dereitos socio-laborais de todos os colectivos, e neste caso non pode ser menos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado para que se equiparen os dereitos retributivos e laborais entre os traballadores e traballadoras das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Autonómicos, feito discriminatorio que afecta aos traballadores e traballadoras galegas destes corpos.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo.

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 15/02/2018 17:35:40



Juan José Merlo Lorenzo na data 15/02/2018 17:35:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento galego debateu unha Proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

2.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.

3.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:45
Nº Rexistro: 26282
Data envío: 15/02/2018 17:45:31.125

rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago para mellorar a mobilidade e entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda”.

En base a isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a elaborar un informe sobre a demanda existente nas poboacións intermedias da liña ferroviaria entre Ourense e Santiago de Compostela de cara a ter unha base sólida para demandar a mellor explotación desta vía como alternativa para o transporte de pasaxeiros ao goberno central.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 17:45
Nº Rexistro: 26282
Data envío: 15/02/2018 17:45:31.125

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 17:42:34

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 17:42:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 17:42:43

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 17:42:46

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 17:42:50

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 17:42:53

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados e deputadas Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araujo, Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Manuel Lago Peñas e Juan José Merlo Lorenzo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A garantía no acceso á vivenda segue sendo unha materia pendente en Galicia, un fracaso que está a producir un gran sufrimento. O dereito á vivenda e o recoñecemento desta como ben de primeira necesidade recóllese na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de hai Máis de cincuenta anos. Sen embargo, o acceso á vivenda segue sendo un problema en Galicia.

Unha aposta orzamentaria moi tímida e cun baixísimo nivel de execución demostran a ineficiencia e falta de vontade da Xunta de Galicia para dar solución a este drama. Tanto a lexislación coma os orzamentos son insuficientes para afrontar con éxito a solución a este problema que viven centos de familias ano tras ano.

Segundo datos do CXPX os desafiuzamentos increméntanse en Galiza no primeiro semestre de 2017 con respecto ao mesmo período do 2016, o que nos da fe de que o acceso á vivenda segue a ser un problema de enorme magnitude



O dereito á vivenda, por se non fose xa grave a situación, afronta unha nova ameaza no territorio galego: a burbulla do aluguer. Arrendar un piso é cada día máis caro e esixe maiores sacrificios á cidadanía, sobre todo nas sete cidades e nas vilas intermedias do eixo atlántico, porque é alí onde se concentra a maior actividade económica. A maior tendencia ao aluguer débese, en parte, a un cambio de mentalidade provocado pola última burbulla inmobiliaria, pero tamén á diminución da capacidade adquisitiva, á maior reticencia dos bancos a conceder hipotecas e o aumento da mobilidade laboral derivado da precarización do emprego.

O dereito á vivenda non está a ser defendido pola Xunta de Galicia, o que está a dificultar o acceso a unha vivenda digna a amplas capas da sociedade, onde as máis desfavorecidas economicamente son as que máis están a sufrir esta situación.

Estes días, con motivo do 8 de Marzo, tanto organizacións de todo tipo como a sociedade civil en xeral estamos denunciando a forte desigualdade entre homes e mulleres en termos económicos. Algúns deses datos son os seguintes:

- Diferenzas salariais: O salario medio anual dos traballadores galegos sitúase en 22.505 euros, case cinco mil euros por riba do das traballadoras (17.797). O que supón para as mulleres un 23,4% menos de salario que os homes por traballos de equivalente valor.
- O emprego a tempo parcial é maiormente feminino (as mulleres representan o 76 % das persoas empregadas a xornada parcial).
- As mulleres están máis desprotexidas: 3 de cada 4 mulleres en paro non reciben prestación.
- A taxa de risco de pobreza en Galicia, antes das transferencias sociais, é do 34,6% entre os homes e do 37,2% entre as mulleres.



-O traballo de coidados segue a recaer nas mulleres, tanto o non remunerado como o que entra no circuío laboral, onde as mulleres que perciben un salario están precarizadas, cando non directamente traballando na economía somerxida, o que lles impide o acceso a dereitos como a prestación por desemprego, baixas laborais ou unha pensión ao remate da súa vida laboral.

Esta conxuntura, no que as mulleres se están vendo tan discriminadas no seu poder adquisitivo, fai que sufran en maior medida as dificultades para poder acceder a unha vivenda digna, situación que se fai dramática cando se atopan inmersas en procesos de violencia machista sen posibilidade de obter unha alternativa habitacional.

E todo isto ocorre mentres en Galicia contamos con máis de 300.000 vivendas baleiras tralo festín inmobiliario perpetrado no Estado español. Amnistía Internacional sinalou que o 30% das vivendas baleiras de Europa atópanse en España.

Polo exposto, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe que expoña os datos relacionados co acceso á vivenda, desafiuzamentos, acceso a vivenda protexida, porcentaxe de ingresos dedicados a vivenda, etc..., de maneira desagregada, que nos poida dar unha visión, o máis exacta posible, desta desigualdade.
2. Incrementar as partidas orzamentarias destinadas a políticas de acceso á vivenda ata alcanzar cotas similares ao esforzo medio dos principais países europeos, situado no 2%.



3. O incremento significativo da vivenda protexida en réxime de aluguer, co horizonte posto na cota de mercado do aluguer social da Unión Europea, que anda na contorna do 18%.
4. O desenvolvemento dun marco normativo que defina en que casos se considerará que unha vivenda está baleira e creación dun rexistro de vivendas baleiras en cada municipio.
4. Establecer gravames fiscais significativos para as vivendas baleiras. Haberán de ser progresivos en función do número de vivendas atesouradas por cada propietario , tempo de desocupación dos inmobles e superficie.
5. Garantir, de maneira urxente, a alternativa habitacional ás mulleres que a soliciten acreditando unha situación de violencia machista, ben sexa poñendo ó seu dispor unha vivenda protexida ou piso de acollida de transición, en función das posibilidades e necesidades da vítima.
6. Promoción da conversión das casas de acollida ás mulleres en situacións de violencia de xénero en Centros de Recuperación Integral (CRI)

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 15/02/2018 18:08:07

Paula Quinteiro Araújo na data 15/02/2018 18:08:14

Paula Vázquez Verao na data 15/02/2018 18:08:25

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/02/2018 18:08:48



Juan José Merlo Lorenzo na data 15/02/2018 18:08:52

Carmen Santos Queiruga na data 15/02/2018 18:08:56

Antón Sánchez García na data 15/02/2018 18:09:00

Eva Solla Fernández na data 15/02/2018 18:09:03

Luca Chao Pérez na data 15/02/2018 18:09:07

Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 18:09:10

Magdalena Barahona Martín na data 15/02/2018 18:09:13

José Manuel Lago Peñas na data 15/02/2018 18:09:17

Francisco Casal Vidal na data 15/02/2018 18:09:20

David Rodríguez Estévez na data 15/02/2018 18:09:24

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei de racionalización do sector público autonómico fora presentada polo Goberno da Xunta de Galicia como unha aposta pola transparencia xa que, segundo recolle a nota de información do Consello aos medios dada a coñecer daquela, “a transparencia é o principio que rexerá a contratación pública, xa que se establece a redución á metade da marxe para a adxudicación directa deste tipo de contratos: por riba de 9.000 euros nos contratos de servizos e subministracións e de 25.000 euros de obras será obrigatorio solicitar tres ofertas distintas a empresas non vinculadas entre si”.

Como é coñecido a contratación realizada por contratos menores permite unha ampla marxe para realizar unha adxudicación discrecional e aínda que debера ser utilizada para casos puntuais e xustificables, se acude con demasiada asiduidade. O certo foi que tal proposta pola transparencia pouco durou, xa que remata pouco máis de dous anos despois, e a *Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público autonómico*, a través da súa disposición derradeira primeira, anula tales límites, elevándose ao dobre desas contías.

No último ano do que a Xunta de Galicia ofreceu datos (o de 2016), a contratación adxudicada a través da figura do contrato menor, ascendeu para o sector público autonómico a 123.903 contratos, por importe de 868.960.521 euros. De feito a través deste tipo de contratación, foron as cantidades que máis se adxudicaron, superando mesmo aos procedementos abertos e supoñendo case que o 50 % da contratación total realizada pola Xunta de Galicia. Unha marxe demasiado ampla de discrecionalidade, sen que medie ningún tipo de publicidade nin se prime a presentación de múltiples ofertantes, cunha “contratación a dedo” excesiva.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero é que ademais de constituír unha contía tremendamente elevada, non se favorece o seu control e seguimento, xa que na plataforma de contratación, da Xunta de Galicia, no seu apartado correspondente a “contratos menores” non queda rexistrada a información básica dos ditos contratos, senón que unicamente aparece un número reducido de días.

Pódese acceder a tal plataforma actualmente e comprobar, por exemplo, que ningún dos contratos menores realizados durante o último exercicio do 2017 está dispoñible e pode ser examinado (<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/contratacion-publica/contratos-menores>).

Non parece que tal xeito de actuar da Xunta de Galicia beneficie a transparencia necesaria da contratación pública, contradicindo as manifestación realizadas nesta materia polo executivo galego.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a garantir a necesaria transparencia na contratación pública autonómica, nomeadamente nos contratos menores, remitindo a través do *Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico* mensualmente á Cámara galega a información relativa á contratación realizada polo sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/02/2018 18:05:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2018 18:05:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/02/2018 18:06:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/02/2018 18:06:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/02/2018 18:06:31

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo un situación insostible tanto para pacientes como para persoal, que levan tempo manifestándose para que a consellería solucione esta situación.

Xunto coas deficiencias na infraestrutura do novo bloque de hospitalización, tales como a falta de mortuorio, cociña ou xunto cas deficiencias de persoal, de carácter xa estrutural pero agudizadas coa ampliación xa que o Goberno non da cumprimento á cobertura de camas acordada, a Unidade de Coidados Paliativos está a sufrir o mesmo destino, chegando incluso a unha situación de ilegalidade en tanto que non cumpre o acordado la Lei 5/2015 de coidados paliativos que nace co obxectivo principal de respecto á calidade de vida e dignidade das persoas enfermas terminais, estipulando entre outras cousas, que as institucións sanitarias garantirán as mellores condicións relativas ao confort, pudor e intimidade así como o dereito a estancia nunha habitación individual.



Con todo, a nova localización da Unidade de Coidados Paliativos, no é a máis axeitada para este tipo de unidade, presentando unha deficiencia da calidade asistencial como por exemplo coa diminución do número de camas e polo tanto de habitacións dobres sen que por outra banda se potencie o servizo a domicilio coas dotacións axeitadas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Iniciar unha inspección na Unidade de Coidados Paliativos do CHUO coa finalidade de velar polo cumprimento da Lei 5/2015 de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.
- Iniciar un diálogo coa Comisión de Centros de CHUO, coa finalidade de saber cales son as necesidades de dita unidade.
- Levar a cabo as actuacións necesarias para solucionar as deficiencias detectadas na Unidade.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 15/02/2018 18:27:48



Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 18:27:54



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral de Cultura para informar **"sobre os traballos que se están a realizar para a elaboración da Estratexia da Cultura de Galicia 2020"**.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga, Noela Blanco Rodríguez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A epilepsia é unha enfermidade que afecta, segundo diversas aproximacións a un número próximo aos 30.000 galegos e galegas. A súa afectación ten fondas consecuencias directas sobre a saúde das persoas, e tamén sobre a súa adaptación social e inserción tanto social como laboral.

A pesares do seu tratamento, as dificultades e estigmatización que provoca xera aínda unha distancia entre os afectados e os tratamentos, que dificulta chegar con eficacia a toda a poboación que a padece. Existe, en relación a isto, un número aínda relevante de persoas que non están diagnosticadas e, por tanto, non poder ser tratadas.

As dificultades para o seu tratamento e comprensión veñen derivadas tamén das limitacións que o eido investigador sofre sobre todo o seu traballo en Galicia e no conxunto de España, polo que aínda é necesario aumentar a capacidade investigadora do noso sistema para poder ter máis e mellores respostas a este e outros problemas de enfermidades.

A unidade de referencia en Galicia para as persoas afectadas de epilepsia está no Centro Hospitalario de Santiago, facendo unha gran labor aínda que o seu traballo podería ser exponencialmente máis produtivo no caso de contar con máis medios materiais e humanos. No mesmo sentido, e dado o elevado volume de persoas afectadas, os servizos de neuroloxía dos hospitais ven limitada a súa capacidade de traballar sobre estes casos, debido ás dificultades provocadas polas necesidades non cubertas de recursos materiais e humanos axeitados para o tratamento desta patoloxía.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno de Galicia que o tratamento e atención ás persoas que padecen epilepsia é suficiente en cantidade e calidade no sistema sanitario de Galicia?
2. Ten previsto o Goberno de Galicia elevar a dotación material e humana da unidade de referencia galega para o tratamento da epilepsia?
3. Considera o Goberno de Galicia a posibilidade de aumentar a dotación humana e material dos servizos de neuroloxía dos centros hospitalarios de Galicia?
4. Considera necesario o Goberno de Galicia instar ao Goberno de España a que teña en conta as dificultades padecidas polas persoas enfermas de epilepsia para solicitar a revisión dos baremos de incapacidade de carácter laboral?
5. Ten coñecemento o Goberno de Galicia que existan liñas de investigación en Galicia que poidan ofrecer resultados e aportacións para mellorar a atención ás persoas afectadas de epilepsia?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Xoaquín Fernández Leiceaga
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2018 11:07:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2018 11:07:37

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2018 11:07:41



 **Grupo Parlamentario**

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/02/2018 11:07:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Goberno galego afirmou, por medio do presidente da Xunta de Galicia en actos públicos (24 de novembro de 2017 no Intecmar de Vilaxoán – Vilagarcía de Arousa), a través da súa Conselleira do Mar en Pleno do Parlamento (11 de xullo de 2017), por medio de membros da Consellería de Mar en sesión de control ao Goberno en Comisión do Parlamento de Galicia e a través dos medios de comunicación, que estaba a traballar e que presentara a candidatura de Galicia para a acollida na nosa Comunidade Autónoma da condición de laboratorio europeo de referencia de control bacteriolóxico de bivalvos, que Núñez Feijoo sinalou para o centro de investigación Intecmar, en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa).

O propio 10 de outubro, a Comisión 8ª do Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade, a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, o seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituír a mellor candidatura formal do Estado para que Galicia acolla o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conseguir a chegada do dito laboratorio.”
(Comisión 8ª do Parlamento de Galicia. 10 de outubro de 2017)

A delegación española na Comisión Europea, e no Comité encargado de dirimir esta cuestión, estaba representada por membros do

Grupo Parlamentario

Ministerio de Sanidade pola súa función de control en termos alimentarios e de saúde.

A pesares disto, foi coñecido que a Comisión Europea presentou aos estados membros unha resolución que indicaba a desaparición como tal do laboratorio, e a atribución das funcións ás que Galicia aspiraba a laboratorios de outros países europeos. Máis alá de que esta información estaba en posesión das autoridades autonómicas antes de facer os relatados anuncios, foi coñecido tamén que nunca existiu unha candidatura formal como si se anunciou facer por parte do goberno da Xunta de Galicia.

En sesión plenaria do 20 de decembro de 2017, o Goberno da Xunta de Galicia respondeu, por medio da Conselleira do Mar, a estas cuestións para dar explicacións sobre o acontecido. As explicacións ofrecidas implicaron varias imprecisións sobre os procedementos de toma de decisión e dos representantes españois participantes das xuntanzas europeas nas que foi coñecida e comunicada a decisión. Algunhas destas imprecisións foron advertidas en días posteriores por diversos representantes europeos que apuntaron novamente ás incoherencias do proceso anunciado, pero nunca levado a cabo, polo Goberno autonómico de Galicia.

En recentes días foi coñecido que a Xunta de Galicia continuou a facer novos intentos con funcións periféricas e dispersas, asociadas ao mesmo procedemento, tamén de maneira infrutuosa.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como explica o Goberno galego que as explicacións ofrecidas en Pleno do Parlamento de Galicia sexan discordantes coas actas existentes e as informacións ofrecidas polos representantes europeos participantes no procedemento?
2. Esixiu a Xunta de Galicia explicación ao Goberno de España sobre a súa explicación acerca do procedemento seguido?
3. Considera a Xunta de Galicia que é preciso ofrecer novas explicacións sobre o ocorrido que aclaren as contradicións

 Grupo Parlamentario

evidenciadas entre a explicación oficial e a documentación e información provinte dos representantes da Comisión Europea?

4. Ten previsto o Goberno de Galicia dar algún paso máis sobre esta cuestión ou considera definitivamente pechadas as opcións a acoller algunha función ou laboratorio europeo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2018 11:20:57

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2018 11:21:03

María Dolores Toja Suárez na data 12/02/2018 11:21:07

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Segundo unha análise dos datos aportados por cada empresa, e a data do 5 de febreiro de 2018, o 80 % das empresas públicas españolas aínda non conta co reparto que establece a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos seus órganos de decisión, e logo de case once anos despois da súa aprobación.

De 137 entidades, 109 ignoran a norma e non contan nos seus órganos directivos cun mínimo do 40 % de mulleres. En 18 delas os seus conselleiros son todos homes.

Así, 112 entidades públicas non respectan o mínimo -seu Consello de Administración debería contar con, cando menos, un 40 % de representación de cada sexo- que marca a Lei de igualdade.

Exceptuando tres casos nos que a presenza de homes non chega a este mínimo (Efe, con sete mulleres e catro homes, Mercados de Abastecemento de Asturias y Tragsatec), no resto, 109 entidades, é o sexo feminino o infrarepresentado.

As empresas dispoñían de 8 anos dende a entrada en vigor da lei para conquistar ese equilibrio. O ano 2015 era, polo tanto, a data máxima. Aínda así, empresas como Paradores ou Renfe Operadora seguen tendo unha maioría abrumadora de homes nos seus consellos de administración.

O caso máis chamativo de todos é o da Autoridade Portuaria de Las Palmas, que ten 19 membros no Consello e ni un só deles é muller.

Grupo Parlamentario

As autoridades portuarias dentro do ámbito español son as que contan con máis membros nos seus consellos de administración e ningunha delas cumpre o que a norma denomina “composición equilibrada”.

Encabezan a lista das entidades públicas por número de conselleiros e, pese a que teñen máis cadeiras que ocupar, ningunha das 27 analizadas pasa o listón: todas contan con máis dun 60% de homes nos seus consellos de administración.

No caso galego, das 4 autoridades portuarias, ningunha cumpre co principio de equilibrio.

Na de Vigo: 3 mulleres de 17, un 17,64 % de presenza de mulleres

Na de Coruña: 4 mulleres de 15, un 26,6 % de presenza.

Na de Arousa: 3 de 15, un 20 % de presenza.

Na de Marín-Pontevedra: 4 de 17, un 23,52 % de presenza.

Incumprindo todas elas o mínimo de presenza que asegure o principio de equilibrio nos consellos de administración, no caso das de Arousa e Vigo a situación é aínda máis grave dado que entre a propia Xunta de Galicia e Goberno do Estado, con algo máis do 40 % de presenza en todos os consellos de Galicia, aportan tan só 2 mulleres das 7 designacións dispoñibles nos casos de Arousa e Vigo.

Polo preocupante destas cifras e datos, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera este Goberno que se están levando a cabo as medidas e accións precisas para controlar o cumprimento da Lei orgánica 3/2007 para a presenza equilibrada de mulleres nos consellos de administración das empresas públicas e en especial das autoridades portuarias presentes en Galicia?
2. É consciente este Goberno que tendo a posibilidade de designar libremente 7 persoas para os consellos de administración das autoridades portuarias de Arousa e de Vigo, ten na súa man, incrementando o número de mulleres designadas de conquistar o equilibrio de presenza de mulleres en ámbolos dous casos?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Considera que as porcentaxes actuais de presenza das mulleres nos consellos de administración cumpre co compromiso coa efectividade do dereito constitucional de igualdade entre mulleres e homes?
4. Valora o Goberno levar a cabo algún tipo de acción para impulsar e garantir a adecuación á Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes dos consellos de administración das autoridades portuarias de Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 13/02/2018 10:02:55

María Dolores Toja Suárez na data 13/02/2018 10:03:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2018 10:03:07

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2018 10:03:12



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2018 10:03:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2018 10:03:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 10:03:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O principal problema que ten o sistema sanitario público galego é de persoal. Existe un deficitario número de profesionais no sistema, o que deriva nunha sobreexplotación das súas condicións laborais e, a pesares do seu esforzo, na existencia de demoras e listas de espera que empeora o servizo asistencial.

Ademais dun problema de número, o persoal traballador no sistema sanitario público galego ten tamén un problema de condicións laborais. Por un lado os contratados de modo precario, en condicións de esixencia elevada sen contraprestacións axeitadas, con eventualidades inaceptables e con subterfuxios legais que teñen provocado xa sentencias xudiciais contra o Sergas pola contratación en fraude nalgúns casos.

Un sinalado caso de problemas laborais está nos traballadores dos PAC. A pesares de ser persoal estatutario do sistema, os profesionais traballadores dos PAC en Galicia atópanse en situación de indefensión ante unas condicións laborais inaceptables en moitas das cuestións que lles afectan. Están afectados pola negativa constante da Xunta de Galicia de afrontar con garantías a revisión da paralización dos acordos retributivos de 2008, conxelados en 2010 polo goberno de Núñez Feijoo, e que derivan no mantemento do persoal sanitario de Galicia como un dos de peores condicións de toda España (o peor en varios indicadores).

Ademais desta cuestión, de maneira específica o persoal dos PAC ten problemas coas ausencias por baixas, ao non ser validado o seu tempo laboral como baixa se non como a necesidade de reubicar as súas horas; a súa non prioridade para establecer quendas e horarios respecto dos outros traballadores que, asociados a outros servizos, fan parte dos seus horarios nos PAC; o deficiente servizo de provisión de medios

 Grupo Parlamentario

materiais e o seu mantemento, tendo que utilizar medios propios en moitos casos para mantelos en condicións, e outras cuestións que levan tempo reclamando e das que o Sergas é coñecedor pero non ofrece resposta satisfactoria.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente a Xunta de Galicia da situación de depreciación do persoal dos PAC de Galicia nas súas condicións laborais?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia afrontar o problema das condicións laborais dos traballadores dos PAC de Galicia para tentar dar unha solución á maior brevidade posible?
3. Considera a Xunta de Galicia que as condicións laborais dos traballadores dos PAC en Galicia está en condicións satisfactorias?
4. Considera a Xunta de Galicia que a dotación material e humana dos PAC de Galicia é axeitada a día de hoxe?
5. Ten constancia a Xunta de Galicia das queixas e reivindicacións que os profesionais dos PAC están a facer recentemente e a súa vontade de chegar a acordos para mellorar as súas condicións laborais?

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2018 10:19:26

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2018 10:19:31

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A regulación de acceso da cidadanía a determinada información administrativa ven contemplada no artigo 105 da Constitución española,.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos recolle que o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos non debe entenderse limitado ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Na dita Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, se establece que o obxecto da Lei (artigo 1) é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, e que os principios reitores da Lei (artigo 2) son o principio de transparencia, o principio de accesibilidade universal, o principio de participación cidadá, o principio de veracidade, o principio de responsabilidade, o principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, o principio de reutilización da información e o principio de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

De igual modo, a Lei dedica o Capítulo IV (artigos 24 a 28) a regular o dereito de acceso á información pública, establecendo no primeiro punto que “Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia”.

O Consello de Contas presenta anualmente o Plan de traballo para ese exercicio que despois desenvolve coa elaboración da memoria anual de actividades e os informes de fiscalización do sector público de Galicia, entre os que se inclúe a Conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio que corresponda.

Grupo Parlamentario

A estrutura de cada un dos informes de fiscalización contén unha introdución, o desenvolvemento de cada un dos apartados correspondentes ao tema que se trate, as conclusións do Consello de Contas, as recomendacións do Consello de Contas, os anexos correspondentes e as alegacións.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondentes ás Memoria anual de actividades 2015 reitéranse varias recomendacións na presentación da información contable:

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración. Exercicio 2015

“Presentación da información contable

6.1. Tal e como se vén recollendo nos sucesivos informes da Conta Xeral, faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa aspectos básicos como a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma coas respectivas do sector público administrativo, empresarial e fundacional.

Cómpre adoptar as medidas necesarias para a implantación da rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

6.2. As modificacións da normativa orzamentaria deben estenderse á delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral conforme á tipoloxía que, para a definición do sector público, establece a LOFAXGA, así como á regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades que ofrezan unha visión global da situación económica do sector público autonómico; e tamén á aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6.3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación e, en especial, dos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico”.

Á vista destes datos a deputada e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cales son as razóns polas que o Goberno galego incumpre reiteradamente as recomendacións feitas polo Consello de Contas?

2ª) Tivo o Goberno galego en conta as recomendacións do Consello de Contas para a elaboración e presentación da Conta xeral da Administración para o exercicio 2016?

3ª) Cales son as razóns polas que o Goberno galego non ten implantada a rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma?

4ª) Cales son as razóns polas que o Goberno galego non ten implantado o sistema contable aprobado no 2010?

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 10:55:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 10:55:44

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2018 10:55:53



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A regulación de acceso da cidadanía a determinada información administrativa vén contemplada no artigo 105 da Constitución española.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos recolle que o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos non se debe entender limitado ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Na dita Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, establécese que o obxecto da Lei (artigo 1) é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, e que os principios reitores da Lei (artigo 2) son o principio de transparencia, o principio de accesibilidade universal, o principio de participación cidadá, o principio de veracidade, o principio de responsabilidade, o principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, o principio de reutilización da información e o principio de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

De igual modo, a Lei dedica o Capítulo IV (artigos 24 a 28) a regular o dereito de acceso á información pública, establecendo no primeiro punto que “Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia”.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Grupo Parlamentario

O Consello de Contas presenta anualmente o Plan de traballo para ese exercicio que despois desenvolve coa elaboración da memoria anual de actividades e os informes de fiscalización do sector público de Galicia, entre os que sempre se inclúe a Conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio que corresponda.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A estrutura de cada un dos informes de fiscalización contén unha introdución, o desenvolvemento de cada un dos apartados correspondentes ao tema que se trate, as conclusións do Consello de Contas, as recomendacións do Consello de Contas, os anexos correspondentes e as alegacións.

Nos informes de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2015 entregados polo Consello de Contas reitéranse varias conclusión e recomendacións sobre a liquidación e a xestión orzamentaria:

Conclusión sobre as modificacións orzamentarias:

“5.3. Segue constatándose un uso excesivo da utilización do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas coa finalidade de programa-ponte para realizar transferencias de crédito, permitindo alterar os límites fixados pola normativa que impedirían as transferencias directas entre as aplicacións afectadas; así como para aplicar os sobrantes dos créditos nas distintas consellerías ao financiamento das partidas deficitarias ao longo do exercicio, como no caso de gasto farmacéutico”.

Da que se deriva a **recomendación 6.4 “Liquidación e xestión orzamentaria:**

“6.4. Recoméndase a adopción de medidas legislativas e de control parlamentario que, aínda respectando as necesarias marxes de manobra para unha xestión orzamentaria eficaz, limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas”.

Por iso a deputada e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:



Grupo Parlamentario

1ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego sobre o uso do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas, para atender a recomendación do Consello de Contas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre esta recomendación reiterada, ano tras ano, polo Consello de Contas?

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 11:28:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 11:28:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2018 11:28:16

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as prácticas escolares a prol da igualdade.

Partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, é imprescindible reforzar o papel das mesmas e do profesorado a prol da igualdade. Neste senso, a escola debe converterse no principal axente a prol da igualdade, espazo no que se combatan os estereotipos e roles que fomentan a desigualdade de xénero, e no que se traballe para o cambio necesario.

Malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos de educación en igualdade, resultan insuficientes, esporádicos e moitas veces dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas. A pesar do marco xurídico que mandata o desenvolvemento dunha formación en igualdade, tanto para o alumnado como para o profesorado, as eivas son enormes. Como enorme é a carencia de mulleres nos libros de texto. Ademais, a educación afectiva sexual segue sen ter un espazo no currículo.

Ausencias que cómpre atallar e que resultarían útiles para loitar contra as múltiples facianas da fenda de xénero.

Neste senso, hai apenas dous días que os xornais se facían eco de que só o 24,5% do total de alumnado matriculado en titulacións técnicas son mulleres. Unha cifra 12 puntos por debaixo da que tiñamos en 2005. Ou o chamativo caso de informática: se hai vinte anos a porcentaxe de mulleres matriculadas nesta titulación rondaba o 30%, actualmente queda só nun 12%.



Desigualdade que se deixa sentir, de forma especialmente intensa no mercado laboral, con máis paro, máis temporalidade, máis traballo a tempo parcial, teitos de cristal, menores salarios, pensións máis baixas, xornadas dobres... e que, polo tanto, cómpre atallar dende a infancia.

Ante esta situación, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Considera o Goberno galego suficientes os recursos dispoñibles nas aulas a prol da igualdade?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/02/2018 12:11:12

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/02/2018 12:11:20

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2018 12:11:30

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Antonio Quiroga Díaz, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Con grande profusión mediática, a Xunta de Galicia instaurou a finais do ano 2016 a aplicación da gratuidade para a xente nova no transporte metropolitano de Galicia, isto é o servizo de transporte público en autobús competencia da Comunidade que presta os seus servizos no ámbito territorial nucleado actualmente en torno a algunhas das grandes cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo).

Pero resulta chocante que esta medida non se estenda tamén ao medio menos urbano de Galicia, nunha lexislatura que segundo declaracións públicas do propio presidente da Xunta de Galicia, está chamada a converterse na “*Lexislatura do rural*”.

A propia normativa aprobada establece na súa parte introdutoria xustificacións que, ao menos con igual motivo, poden ser aplicables ao transporte público en autobús da mocidade no medio rural. Así se fai fincapé en cuestións como a necesidade de reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas en materia de xuventude, incorporando novas actuacións que deben pasar, entre outras medidas, en apostar por mellorar a calidade de vida da infancia e da mocidade a través do fomento da mobilidade co uso do transporte público colectivo, ofrecendo a xente nova condicións especialmente favorables. Cabe engadir ademais, que as razóns de desprazamento no medio rural son en moitas ocasións obrigadas, por cando é forzoso trasladarse para ter acceso a unha serie de servizos dos que carecen, a diferenza do que sucede nas áreas máis urbanas.

Na actualidade xa existen ademais para as tarifas xerais de servizos públicos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral

Grupo Parlamentario

por estrada competencia da Xunta de Galicia, a posibilidade de establecer descontos ou bonificacións.

A implantación dos medios tecnolóxicos nos servizos do transporte público por estrada en Galicia, xa xeral segundo a propia conselleira responsable de mobilidade, deben facer posible coa dilixencia necesaria, poder implantar unha tarxeta coas características e vantaxes tarifarias similares as que posúen na actualidade as tarxetas metropolitanas para a xente moza, rematando ca discriminación que están a padecer na actualidade as mozas e mozos que residen no ámbito rural fronte os de carácter máis urbano.

De feito nas adxudicacións dos novos servizos de transporte regular de persoas viaxeiras realizadas nos últimos meses pola Administración autonómica, a instalación e utilización dos sistemas tecnolóxicos apropiados era unha das condicións obrigadas. Constituindo esta igualmente unha condición que, sen dúbida, tamén deberá formar parte das contratacións que debe realizar a Xunta de Galicia proximamente, a través do que a Xunta de Galicia deu en chamar o seu “Plan de transporte público”.

Polo que é posible poñer en marcha tal medida concreta para o conxunto da mocidade de forma inminente.

Ás razóns anteriores pódese engadir que mentres o transporte metropolitano, ten un importe por subvencións por parte da administración autonómica que acada os dez millóns de euros, nas cales están incluídas as axudas para a gratuidade da xente moza, o transporte regular xeral e fora desas áreas urbanas, non conta con contía algunha, o que non deixa de resultar paradoxal.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten o Goberno autonómico prevista a gratuidade para a xente moza que utilice o transporte público regular por estrada competencia da Comunidade Autónoma, en condicións canto

 Grupo Parlamentario

- menos similares as que se posúen na actualidade pola denominada “tarxeta xente nova?”
2. En que prazos concretos?
 3. Porque, no seu caso, sería necesario implantalas de xeito gradual?
 4. Existe algún inconveniente ou dificultade en relación aos sistemas tecnolóxicos na actualidade existentes?
 5. Que contía orzamentaria estima que será necesaria para a posta en marcha das vantaxes da Tarxeta Xente Nova en liñas non interurbanas?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Xoaquín Fernández Leiceaga
José Antonio Quiroga Díaz
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/02/2018 16:57:46

Noela Blanco Rodríguez na data 14/02/2018 16:57:53

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2018 16:57:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2018 16:58:02

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/02/2018 16:58:07

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Rede Natura 2000 está formada por 27.522 espazos que suman case 1,2 millóns de quilómetros cadrados na superficie terrestre da UE, o 18 %. España está por riba desta cifra (a superficie aportada supón o 27,3 % do país), mentres que Galicia aporta só un 12 % do seu territorio.

A Rede Natura 2000 é, sen dúbida, un dos grandes logros da UE, no que deberían convivir as persoas e nos que a actividade económica debería ser posible e ata necesaria para asegurar a conservación dos recursos naturais. Precisamente por iso, a UE quere mellorar a financiación da rede e atraer toda clase de inversións, tamén do sector privado, cara proxectos relacionados coa natureza. Para tal fin, a UE propón utilizar o Mecanismo de Financiamento do Capital Natural, a través do que o Banco Europeo de Investimentos prestará cartos para proxectos relacionados coa biodiversidade. A propia Comisión ten proposto recentemente asignar 60 millóns de euros adicionais para proxectos relacionados con estes espazos, fondos comunitarios para axudar á xestión eficaz da Rede Natura 2000. Galicia ten un plan Director absolutamente xenérico que carece de obxectivos claros e medidas pouco ambiciosas, tamén na falla de axudas de calquera tipo aos cidadáns que viven en territorio afectado pola Rede Natura.

En resposta, de data 7 de febreiro, a preguntas deste grupo parlamentario, o Goberno galego nada dixo sobre o que se lle preguntaba expresamente (POP documento número 12782), só que o importe total de fondos comunitarios empregados na Rede Natura nos últimos 9 anos superaba os 31,5 millóns de euros.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego utilizar o Mecanismo de Financiamento do Capital Natural, a través do que o Banco Europeo de Investimentos prestará cartos para proxectos relacionados coa protección da biodiversidade?
2. Que ten que dicir o Goberno ao informe de WWF no que se di que Galicia ten un Plan Director de Rede Natura absolutamente xenérico que carece de obxectivos claros e medidas pouco ambiciosas?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2018 17:42:10

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2018 17:42:15

María Luisa Pierres López na data 14/02/2018 17:42:19

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araujo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa a igualdade na cultura.

No marco do Dereito Internacional dos Dereitos Humanos, a discriminación contra a muller definiuse con claridade en todas as esferas, incluída a cultural. Ao ratificar os tratados, os gobernos contraen a obriga de protexer e facer realidade todos os dereitos. A discriminación das mulleres ha de verse, xa que logo, como unha violación do Dereito Internacional dos Dereitos Humanos.

A loita pola igualdade das mulleres, en canto á súa visibilidade creativa e condicións de traballo na nosa cultura, nunca gozou dunha atención oficial e unha regulación sistemática e coherente, malia o seu recoñecemento na doutrina internacional, na propia Constitución Española e na lexislación galega, por riba da súa transcendencia para unha reconstrución da imaxe completa do mundo.

Os desequilibrios estruturais que postergan o rol feminino nas empresas e as actividades da cultura son un grave sinal de alarma para o futuro da sociedade. Malia todo, as mulleres amosan capacidade de mobilización e asociación en defensa dos seus valores, e en reivindicación das súas esixencias esenciais.

De aí a necesidade imperiosa e urxente de deseñar e cumprir políticas públicas de xénero en todas as fases da cadea de valor. «... e non só porque exista unha lexislación vixente de obrigado cumprimento, senón porque é o socialmente xusto, o economicamente eficiente, o emocionalmente intelixente e porque só dese xeito se alcanzaría a plena cidadanía cultural das mulleres» (T. Moreno).

É imprescindible coñecer para actuar, facer avaliacións e investigacións periódicas. É necesaria a elaboración e difusión de estatísticas culturais e da sociedade da información desagregadas por xénero (formación, creación, emprego, oferta, consumo). Informes anuais de avaliación de impacto dos programas de igualdade na cultura (creación, acceso).

Aisge e a Unión de Actores e Actrices presentaron un informe sobre a desigualdade das mulleres no mercado audiovisual español. A discriminación aumenta coa idade das actrices. Nas maiores de corenta anos, a porcentaxe de aparición cae ata o 19%. Tamén ocorre coas series, se unha muller ten de 35 a 44 anos a súa representación redúcese ata o 29%.

O problema aparece ata naquelas producións aparentemente igualitarias. É o caso, por exemplo, de “Cara a cara”, unha serie ambientada nunha prisión feminina onde, malia iso, a relevancia masculina dalgúns episodios alcanza case o 50%. Tamén ocorre con traballos cómicos como “Oito apelidos vascos”, que só conta cun 26% de actrices.

"Sempre habemos ter en conta este déficit da muller na cultura", sostén Anahí Beholi, Secretaria de Comunicación da Unión de Actores e Actrices. Tamén destaca a súa importancia Iñaki Guevara, o Director Xeral de AISGE, quen recalcou a necesidade de estudos para fomentar a concienciación na industria do cine e para "que todos coñezan a desigualdade que vivimos".

Tamén consultamos o Informe Anual de CIMA , elaborado por Sara Cuenca, presentado o 7 novembro de 2017. Nel constatamos que as mulleres representan soamente o 26% en cargos de responsabilidade no cine. CIMA naceu para actuar sobre esta situación traballando en dous eixes fundamentais:



* Equilibrar a presenza e participación de mulleres en postos profesionais na industria audiovisual no noso país.

* Suscitar unha reflexión rigorosa e contribuír á mellora do contido de propostas audiovisuais co obxecto de reducir a perpetuación de estereotipos sexistas.

Aportan algúns datos significativos no cine con respecto á presenza das mulleres: Na Dirección 8%; Producción 21%; Guións 15%. Presidencia, Conselleiras delegadas ou Dirección Xeral) 5,71%. Nos comités seleccionadores de películas 12%. Nas películas 80% das persoas que traballan son homes.

En conclusión: Os indicadores de desigualdade no cine son moi significativos, podéndose afirmar que os personaxes femininos non só presentan un menor número con respecto aos papeis masculinos, senón que tamén son menos relevantes nas tramas argumentais.

Os personaxes femininos apenas representan unha media do 38% do número total de interpretacións actorais das longametraxes exhibidas durante os últimos tres anos.

Os resultados do estudo mostran que necesaria é na actualidade a adopción de medidas e iniciativas de distinta índole que faciliten na ficción audiovisual unha mellor redistribución do reparto de personaxes entre actores e actrices, ou o que é o mesmo, contribúan a garantir unha maior visibilidade da muller na nosa sociedade.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:



- Ten pensado a Xunta de Galicia Desenvolver o Plan de Igualdade para o audiovisual con dotación orzamentaria efectiva e real?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/02/2018 10:23:47

Luca Chao Pérez na data 15/02/2018 10:23:55

Paula Quinteiro Araújo na data 15/02/2018 10:24:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26244
Data envío: 15/02/2018 13:21:05.848

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de atender as reclamacións d@s profesionais dos PACs.

@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada PAC do Servizo Galego de Saúde, están a denunciar que as condición de traballo empeoraron nos últimos anos tanto en recursos humanos e materiais como en retribucións e presión asistencial, de xeito especial dende a creación das Estruturas Organizativas de Xestión Integradas EOXIS. Denuncian que a súa situación laboral está sendo insostíbel e polo tanto a repercusión asistencial. Os acordos asinados co Sergas no ano 2008 non se cumpriron e menos foron revisados nin actualizados, negándose o Sergas a convocar a comisión de seguimento do acordo para actualizalo en beneficio d@s profesionais.

Faise polo tanto imprescindible que por parte da Consellaría de Sanidade, do Sergas, se lle dea solución a esta situación. Este colectivo de profesionais ten unha táboa reivindicativa que consideramos xusta e debe ser asumida por parte do Sergas e que solicitan:

- Equipos completos médic@/enfermeir@ en todos os PACs. A atención a emerxencias sen persoal adecuado no é aceptábel nun país desenvolvido; e a responsabilidade desta asistencia de baixa calidade é da mala planificación por parte das EOXI.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26244
Data envío: 15/02/2018 13:21:05.848

- Respecto aos tempos de traballo do persoal conforme a directivas europeas, que están para garantir unha atención eficiente por persoal descansado en beneficio d@s doentes. Isto debe ser independente de ter un contrato fixo ou traballo fraccionado, o fraccionamento de contratos non pode empregarse para non cumprir cos descansos.
- Calquera avaliación de “derivación hospitalaria” debe ser eliminada das listas de obxectivos, xa que as derivacións non son opcionais, seguen criterios médicos. Os ADX deben adecuarse ao traballo no PAC.
- A existencia de criterios obxectivos para a dotación de persoal nos PACs en base á carga asistencial, dispersión, distribución, distancia ao hospital e número de movilizacións polo 061 para garantir o dereito a asistencia.
- pago do 100% dos complementos de nocturnidade e festividade dende este momento e con carácter retroactivo dende o 2010.
- Que non se aumente a xornada laboral efectiva das 1451 horas actuais, calquer exceso de xornada debe ser voluntaria, incentivada e por tramos; empeorar as condicións laborais aumentarán as fugas de persoa a outras áreas e serizos e empeorará a asistencia.
- Cómputo axeitado de Incapacidades Temporais e permisos retribuídos
- As asistencias a calquera reunión convocada dende as xerencias deben ser contabilizadas coma xornada laboral.
- As dietas dos domingos e festivos deben ser aboadas polo xantar e pola cea.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Elaboración dos calendarios de quendas dando prioridade ao persoal propio de PAC, ocupando o persoal voluntario os ocios.
- A dotación de Equipos de Protección Individual a todo o persoal que traballa nos PAC s, inda que sexan persoal en formación ou ocasional. Debe existir un circuíto de limpeza que evite ter que levar a roupa a lavar ao domicilio persoal.

Por estas razóns fórmulase a seguinte interpelación:

-Vai atender o Goberno galego as demandas d@s profesionais que prestan servizos nos Puntos de Atención Continuada do Sergas?

-Coida que nas condicións de sobrecarga na que prestan os seus servizos os profesionais dos PACs poden dar unha boa calidade asistencial?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:21
Nº Rexistro: 26244
Data envío: 15/02/2018 13:21:05.848

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 13:20:11

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 13:20:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 13:20:16

Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 13:20:18

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 13:20:19

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 13:20:21

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre o desenvolvemento do Plan de Acollida de Persoas Refuxiadas da Xunta de Galicia.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado Español acollería a 17.337 persoas. Esgotado o prazo comprobouse o gran fracaso deste plan ante o desinterese dos estados membros por cumprir as cifras pactadas.

Ao tempo, a duración dos programas de acollida de 18 meses é claramente insuficiente para atender ás persoas que finalmente chegaron ao noso país. Así, aparecen novas preocupantes de familias refuxiadas a piques de ser desafiuzadas.



Ante esta situación o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. Cantas persoas foron acollidas en Galicia baixo o amparo directo do Plan de Acollida para Persoas Refuxiadas posto en marcha pola Xunta de Galicia?
2. En que concellos?
3. Cantos recursos se investiron?
4. Unha vez esgotado o programa de acollida de 18 meses que acontece coas persoas refuxiadas? Con que recursos públicos poden contar?
5. Vai tomar algunha medida o goberno galego para evitar o desafiuzamento das familias refuxiadas en Lugo e Sarria?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 15/02/2018 12:29:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 13:46
